

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO CORRESPONDENTE AO DÍA 31 DE MARZO DE 2023**

Ás 10.00 horas do día 31 de marzo de 2023, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, en sesión ordinaria, no salón de sesións do Pazo Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D. José Manuel Baltar Blanco

### **Deputados/as do Grupo Popular:**

D. Rosendo Luís Fernández Fernández

D. Plácido Álvarez Dobaño

D.<sup>a</sup> Ana Patricia Torres Madureira

D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

D. Álvaro José Fernández López

D. Jorge Pumar Tesouro

D. Pablo Pérez Pérez

D. César Manuel Fernández Gil

D.<sup>a</sup> Ana María Villarino Pardo

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

### **Deputados/as do Grupo Socialista:**

D. Rafael Rodríguez Villarino

D. Diego Fernández Nogueira

D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández

D. José Ignacio Gómez Pérez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Aurentino Alonso Araújo

D. Álvaro Vila Araújo

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Rosario Rodríguez Delgado

### **Deputados de Democracia Ourenzana:**

D. Armando Ojea Bouzo

D. Gonzalo Pérez Jácome

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa

**Secretario:** D. Juan Marquina Fuentes

**Interventora.:** D.<sup>a</sup> Mónica Legaspi Díaz

Non asiste o deputado do Grupo Popular don Miguel Antonio Cid Álvarez, xustificando a súa ausencia (quen emitiu o seu voto de forma non presencial).

O deputado de Democracia Ourenzana don Gonzalo Pérez Jácome ausentouse do salón de sesións cando se debatían os programas BenOUrense e non regresou.

A deputada do Grupo Socialista dona Rosario Rodríguez Delgado estivo ausente na votación do punto 12º da orde do día.

A deputada dona Susana Rodríguez Estévez e o deputado don Aurentino Alonso Araújo, do Grupo Socialista, estiveron ausentes na votación do punto 16º da orde do día.

O tratamento dos asuntos incluídos na orde do día foi do xeito que se reflicte a continuación e está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense: [ver vídeo acta](#)

## **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 24 DE FEBREIRO DE 2023.-**

A Secretaría Xeral deu traslado do borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 24 de febreiro de 2023.

Non se producen intervencións e, por unanimidade, o Pleno adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación Provincial do día 24 de febreiro de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

## **2º.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DE APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI DE INICIATIVA LEXISLATIVA POPULAR PARA A RESTAURACIÓN DO TEXTO FIDEDIGNO DO HIMNO GALEGO E A SÚA DIFUSIÓN**

O Sr. presidente manifesta que tal e como quedou acordado polos portavoces dos grupos políticos da Corporación vai dar lectura á seguinte declaración institucional:

Aprobar a seguinte declaración institucional da Corporación Provincial de Ourense:

*EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*

*Tres anos despois de aprobado e promulgado o Estatuto de Autonomía (1981), en que se recoñece que Galiza ten himno “de seu” (artigo 6.2), o Parlamento galego consagrou na Lei 5/1984, do 29 de maio, de símbolos de Galicia, o que xa estaba no ánimo e no sentir do pobo, oficializando como himno galego as catro primeiras estrofas do poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal.*

*Efectivamente, un século antes, a vontade que se manifestaba en Galiza de contar cun himno cristalizou na iniciativa do músico Pascual Veiga, que encargou ao poeta nacional na altura, o bardo Eduardo Pondal, a composición dun texto poético que, “a maneira da Marcha Real, Marsellesa etc., sexa cantado en toda a Galiza co entusiasmo que desperta no ánimo o Sentimento da patria”.*

*As bases do concurso internacional organizado polo Orfeón Coruñés nº 4, dirixido por Pascual Veiga na cidade da Coruña, contemplaban un premio destinado a galardoar a mellor “marcha” musical escrita para orfeón sobre o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal. Para este texto, o maestro mindoniense compuxo a música que, após diversos avatares, tivo a súa primeira interpretación institucional e solemne como himno galego no día 20 de decembro de 1907 no Gran Teatro da Habana. A partir deste evento, o himno foi acollido polo movemento galeguista, nomeadamente polas Irmandades da Fala, que o elevou sobre outras propostas existentes e o estendeu en toda a sociedade, ao tempo que se foi establecendo o ceremonial de interpretación, sempre co público en pé e actitude respectuosa. Por tanto, a partir de 1916 o texto de Eduardo Pondal, coa música de Pascual Veiga, converteuse, de facto, no himno galego.*

*A difusión do texto pondaliano realizouse a partir da súa publicación sucesiva na Habana en medios escritos diversos, sobre todo revistas (1905, 1907, 1909), de onde retornou a Galiza por volta de 1910 con múltiples erros textuais derivados fundamentalmente da súa inicial difusión fóra do país.*

*A recuperación dos manuscritos do himno, xunto con impresos con correccións autógrafas e mais a versión editada e autorizada polo autor revelou importantes alteracións textuais na versión oficial, tal como demostrou a investigación realizada polo doutor Manuel Ferreiro, catedrático da Universidade da Coruña. Tal feito propiciou a constitución, en 1996, dunha ponencia conxunta no Parlamento galego para estudar a eventual restauración da letra verdadeira do Himno. E posteriormente, en 2002 e 2018, aínda foron realizados dous amplos informes técnicos escritos onde se demostraba, razoada e documentalmente, que o actual*

*texto oficial do Himno Galego, alén doutras cuestións de menor transcendencia, mostra a existencia de catro alteracións de importancia:*

*1) Problemas de presentación formal e de puntuación, de forma que no texto oficial mesmo desapareceu a indicación de que o texto é un diálogo (pregunta aos piñeiros, na primeira estrofa, e resposta destes nas tres estrofas restantes); 2) Presenza de formas idiomáticas alleas ao poema orixinal pondaliano, nomeadamente castelanismos e hiperenxebrismos (ronco / rouco, iñorantes / ignorantes); 3) Aparición de formas idiomáticas falsas, inexistentes no poema de Pondal e na lingua galega (féridos / férridos); 4) Deturpación da expresión orixinal mediante un proceso de banalización textual (chan / clan ‘pobo’).*

*O propio autor do texto do Himno, Eduardo Pondal, era consciente destas deturpacións textuais, tal como lle sinala a Xosé Fontenla Leal, o grande impulsor do himno na colectividade galega en Cuba, cando en carta de 11 de xaneiro de 1913 lle di que “o texto do noso himno contén non poucas erratas, e xa veremos de corrixilas oportunamente”. Infelizmente, o estado de saúde de Pondal non permitiu esa actuación correctora e restauradora, que agora o Parlamento pode e debe realizar, 115 anos após a pública e solemne interpretación do himno na Habana.*

*En 1984 o Parlamento galego, consciente da importancia e do alto valor institucional e social dos símbolos (escudo, bandeira, himno), oficializou o Himno no artigo 4 da Lei de Símbolos: “Declárase himno de Galicia a composición «Os Pinos», poema de Eduardo Pondal e música de Pascual Veiga”. Porén, o texto aprobado e publicado no Diario Oficial de Galicia, na Disposición adicional terceira da Lei 5/1984, non recolle as estrofas do poema «Os Pinos» da fonte orixinal pondaliana, senón que se basea nunha deficiente versión editorial realizada en 1935, no centenario do nacemento do poeta. O feito de esa edición ter herdado (e acrecentado) os erros e deturpacións textuais acumulados desde había anos explica o texto oficial do himno, que cómpre recuperar e actualizar catro décadas após a promulgación da Lei de Símbolos.*

*Son chegados os tempos, en fin, de restaurar o texto certo do himno galego, de modo que todos, e especialmente as novas xeracións, o coñezamos, cantemos e interpretemos correctamente.*

*A este fin responde esta Proposición de Lei. Proposición de Lei:*

*Artigo 1º. Fica modificado o artigo 4 da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, nos seguintes termos: “Declárase himno de Galiza o poema «Os Pinos» de Eduardo Pondal, nas*

*súas catro primeiras estrofas, e música de Pascual Veiga”.*

*Artigo 2º. A disposición adicional terceira da Lei 5/1984, de Símbolos de Galicia, modifícase no punto 1 nos seguintes termos: “A letra do Himno Galego é a seguinte”:*

*Que din os rumorosos,*

*na costa verdecente,*

*ó raio trasparente*

*do prácido luar...?*

*Que din as altas copas*

*de escuro arume harpado*

*co seu ben compasado,*

*monótono fungar...?*

*«Do teu verdor cinxido*

*e de benignos astros,*

*confín dos verdes castros*

*e valeroso clan,*

*non des a esquecemento*

*da inxuria o rudo encono;*

*desperta do teu sono,*

*fogar de Breogán.*

*Os bos e xenerosos*

*a nosa voz entenden,*

*e con arroubo atenden*

*o noso rouco son;*

*mas sós os ignorantes*

*e fèrridos e duros,*

*imbéciles e escuros,*

*non os entenden, non.*

*Os tempos son chegados*

*dos bardos das edades,*

*que as vosas vaguedades*

*cumprido fin terán;*

*pois donde quer, xigante,*

*a nosa voz pregoa  
a redenzón da boa  
nazón de Breogán».*

*Artigo 3º. A Xunta de Galicia fará cumprir a todas as institucións e sociedades públicas dela dependentes, como a radio e a TV galegas, a reprodución, canto e interpretación completa do himno galego.*

*Artigo 4º. A Xunta de Galicia realizará unha edición popular da letra restaurada conforme o texto creado por Eduardo Pondal, xunto coa partitura do Himno, co obxecto de distribuílo, divulgalo e popularizalo de forma masiva na sociedade galega, nomeadamente en todos os centros educativos, agrupacións musicais e corais, bandas de música, entidades deportivas, asociacións culturais ou calquera outra entidade cívica.”*

**3º.- APROBACIÓN DOS MODELOS PARA A REALIZACIÓN DAS DECLARACIÓNS SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE, ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS E DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS, PREVISTAS NO ARTIGO 75.7 DA LEI 7/1985, REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Transparencia e Administración Provincial.

Non se producen intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**PRIMEIRO.** Aprobar o modelo de documento necesario para a realización da declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos (anexo I), así como o modelo para efectuar a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo, con información das sociedades por elas participadas e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, se é o caso, Sociedades (anexo II).

**SEGUNDO.** Aprobar a creación dos correspondentes Rexistros de Actividades e de Bens Patrimoniais (mandato 2023-2027).

**TERCEIRO.** Comunicarlles aos representantes provinciais, así como aos/ás funcionarios/as con habilitación de carácter nacional que desempeñen postos que fosen provistos mediante

libre designación nesta Deputación, que deberán completar e presentar no rexistro correspondente a declaración sobre causas de posible incompatibilidade e sobre calquera actividade que lles proporcione ou poida proporcionar ingresos económicos, así como a declaración dos seus bens patrimoniais e da participación en sociedades de todo tipo e das liquidacións dos impostos sobre a Renda, Patrimonio e, se é o caso, Sociedades, segundo o modelo normalizado aprobado, e todo iso con ocasión da finalización do mandato 2019-2023 e posterior inicio do mandato 2023-2027.

ANEXO I

<b>SECRETARÍA</b>	<b>DECLARACIÓN REXISTRO DE INTERESES Incompatibilidades e actividades</b>	<b>SELO DO REXISTRO</b>
-------------------	---	-------------------------

**DATOS PERSOAIS DO DECLARANTE**

<b>Nome e apelidos:</b>		
<b>DNI:</b>	<b>Profesión:</b>	<b>Teléfono:</b>
<b>Domicilio:</b>	<b>Veciñanza, municipio:</b>	<b>Provincia:</b>

**I.- DECLARACIÓN SOBRE CAUSAS DE POSIBLE INCOMPATIBILIDADE E ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS**

<b>A.- POSIBLES CAUSAS DE INCOMPATIBILIDADE (artigos 6, 202 e 203 Lei orgánica de réxime electoral xeral)</b>		
<b>B.- ACTIVIDADES QUE PROPORCIONEN OU POIDAN PROPORCIONAR INGRESOS ECONÓMICOS</b>		
1.- Exercicio de profesións liberais, actividades mercantís, industriais ou outras actividades por conta propia:		
2.- Postos de traballo en entidades do sector público:		
Entidade	Posto de traballo	Natureza da relación (funcionario, laboral ou persoal eventual)
3.- Postos de traballo no sector privado:		
Empresa	Posto de traballo	

4.- Outras actividades ou intereses privados que poidan afectar ou estar en relación co ámbito de competencias da Corporación:

Esta declaración de intereses e actividades publicárase integramente na sede electrónica da Deputación Provincial, conforme co establecido no artigo 12.1.a) do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Ourense.

DATA:

Asdo. O declarante,

## ANEXO II

<b>SECRETARÍA</b>	<b>DECLARACIÓN REXISTRO DE INTERESES Bens patrimoniais</b>	<b>SELO DO REXISTRO</b>
-------------------	--	-------------------------

## DATOS PERSOAIS DO DECLARANTE

<b>Nome e apelidos:</b>		
<b>DNI:</b>	<b>Profesión:</b>	<b>Teléfono:</b>
<b>Domicilio:</b>	<b>Veciñanza, municipio:</b>	<b>Provincia:</b>

## II.- DECLARACIÓN DE BENS PATRIMONIAIS

<b>1.- Inmobles urbanos</b>						
Clase e características (vivenda, garaxe, predio ....)	Situación	Data de adquisición	Título de adquisición	N.º referencia catastral	Participación (%)	Valor catastral
<b>2.- Inmobles rústicos</b>						
Clase e características	Situación	Data de adquisición	Título de adquisición	N.º referencia catastral	Participación (%)	Valor catastral

<b>3.- Dereitos reais sobre bens inmobles:</b>						
Descrición	Situación	Data de adquisición	Título de adquisición	N.º referencia catastral	Participación (%)	Valor catastral
<b>4.- Valores mobiliarios: títulos e participacións</b>						
Descrición	Entidade emisora	N.º título	Data adquisición	Valor nominal		
<b>5.- Accións en sociedades de capital</b>						
Número	Data de adquisición	Valor nominal	Sociedade emisora	Porcentaxe (%)		
<b>6.- Participación en sociedades de capital</b>						
Número	Data de adquisición	Valor nominal	Razón social	Porcentaxe (%)		
<b>7.- Depósitos entidades financeiras (contas correntes ou de aforro)</b>						
Saldo medio anual	Entidade depositaria	Porcentaxe (%)				
<b>8.- Plans de pensións</b>						
Entidade xestora	Fondo acumulado					
<b>9.- Seguros de vida e/ou pensión</b>						
Entidade aseguradora	Capital garantido					

<b>10.- Vehículos ou embarcacións:</b>			
Marca	Modelo	Matrícula	Porcentaxe (%)
<b>11.- Outros bens mobles de especial relevancia:</b>			
<b>12.- Operacións de crédito pendentes de amortizar:</b>			
Tipo de operación	Capital pendente	Acredor	
<b>13.- Cargas ou gravames sobre bens ou dereitos referenciados nesta declaración</b>			
Bens ou dereitos afectados	Carga ou gravame	Valor	
<b>14.- Base imponible da declaración do IRPF correspondente ó último exercicio declarado:</b>			
<b>15.- Cota líquida:</b>			
<b>16.- Base imponible da declaración do Imposto do Patrimonio correspondente ó último exercicio declarado:</b>			
<b>17.- Cota líquida:</b>			
<b>18.- Información sobre as sociedades participadas polas sociedades de que é socio o declarante:</b>			

Desta declaración de bens patrimoniais publicarase un resumo na sede electrónica da Deputación Provincial, conforme co establecido no artigo 12.1.b) do Regulamento orgánico da Deputación Provincial de Ourense.

DATA:

Asdo. O declarante,

**4º.- EXPEDIENTE 3/2023 DE MODIFICACIÓN DOS CRÉDITOS ORZAMENTARIOS MEDIANTE A CONCESIÓN DUN CRÉDITO EXTRAORDINARIO, SUPLEMENTOS DE CRÉDITO E SOBRE A MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO VIXENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

A Sra. interventora expón o contido do expediente.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para indicar que se solicitou na comisión informativa información máis detallada do convenio a asinar coa entidade SOGARPO, entendendo que servirá para bonificar os avais ou gastos de formalización de operacións que poidan facer as pemes con esta entidade, pero non consta información por exemplo sobre os xuros aplicables ou sobre o funcionamento desta liña de crédito. No que respecta ao resto da modificación orzamentaria en xeral son cambios de nomenclatura ou de uso e que non serían necesarios se tivésemos un plan único de cooperación cos concellos da provincia.
- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): sinala que nesta memoria xustificativa bótase en falla información acerca do convenio con SOGARPO e cales son as actuacións a financiar coa partida relativa a cooperación cos concellos na rede viaria provincial no relativo aos concellos afectados, estradas e treitos destas. Engade que sería desexable que se dedicasen fondos desta modificación á obra sobre o río Xares no concello do Bolo, ou para comezar coa obra na estrada provincial OU-0807 no acceso ao núcleo de San Vicente de Leira en Vilamartín de Valdeorras, engadindo que se bota en falla unha planificación plurianual de actuacións na rede de estradas provincial e un protocolo claro onde constan os criterios para priorizar as actuacións nela.
- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): fai uso da palabra indicando que se trata da terceira modificación de crédito deste exercicio no que a principal medida é a liña de axuda para pemes, a través do convenio coa entidade SOGARPO, como xa se dixo, destinado ao desenvolvemento empresarial, para bonificar as comisións e estudos das operacións a realizar polas empresas e autónomos da nosa provincia. Nesta modificación inclúese un importante investimento na rede provincial de estradas da nosa provincia así como no Plan Tarazana de

actividades culturais e recreativas. Por último inclúese o cambio de finalidade de diferentes subvencións nominativas previstas para diferentes entidades e concellos que así o solicitaron.

- intervención da interventora: respondendo á pregunta formulada polo representante do grupo do BNG indica que o convenio, que está a disposición, prevé que na parte da garantía outorgada por SOGARPO, a aplicación orzamentaria provincial que se configura como unha transferencia, empregárase para financiar o 1% ou o 0,5 % que é o custo de SOGARPO para re-avaluar ás empresas que veñen da man dunha entidade financeira e a partir de aí, o que sobre seralle devolto á Deputación e o que falte asumido por SOGARPO, calculando que estes 500.000,00 € dan para uns 15.000.000,00 € en operacións.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): intervén para agradecer a aclaración realizada pola interventora.

- 2ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): toma a palabra para insistir que se bota en falla a memoria relativa ao investimento nas estradas provinciais.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#)

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente a modificación orzamentaria cuantitativa n.º 3/2023**, mediante a concesión dun crédito extraordinario, suplementos de crédito, financiados con cargo ao remanente líquido de tesouraría obtido na liquidación do orzamento do exercicio 2022 polo **importe total de 2.311.250,00 euros**.

#### **CRÉDITO EXTRAORDINARIO**

APLICACION	DESCRICIÓN	IMPORTE €
433.00/471.00	Desenvolvemento Empresarial – Sogarpo	500.000,00 €
<b>TOTAL, CE</b>		<b>500.000,00 €</b>

#### **SUPLEMENTOS DE CREDITOS**

APLICACION	DESCRICIÓN	IMPORTE €
------------	------------	-----------

011.11/310.01	Outras entidades financeiras. Xuros préstamos L/P	41.250,00 €
334.20/489.01	Act. Culturais e recreativas. Outras transferencias. Plan Tarazona	120.000,00 €
453.11/619.01	Vías Provinciais. Plano coop. Vías provinciais	213.000,00 €
453.11/619.03	Vías provinciais. Reparación vías provinciais	1.287.000,00 €
453.11/207.00	Vías provinciais. Prestación servizos	150.000,00 €
<b>TOTAL, SC</b>		<b>1.811.250,00 €</b>

## RECURSOS

<b>Remanente Tesourería. Subconcepto 870.00 para financiar gastos xerais</b>	<b>2.311.250,00 €</b>
--	-----------------------

2.- Aprobar inicialmente a modificación, no que se refire á especificación dos capítulos IV e VII de gastos, consistente nas seguintes variacións de obxectos e /ou beneficiarios de subvencións concedidas por esta entidade, e que **non afectan cuantitativamente** ao orzamento xeral do exercicio 2023:

a) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Monterrei** co obxecto “Balneario Requeixo” e por un importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Monterrei, de data 28 de febreiro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención e da aplicación orzamentaria desagregando a cantidade inicial en dúas finalidades diferentes e que implica un cambio de capítulos pasando a ser para,

<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
450.12/462.00	<b>Analíticas periódicas correspondentes</b>	<b>14.312,00 €</b>

	<b>ao exercicio 2022 e para á redacción de proxectos</b>	
450.12/762.01	<b>Balneario Requeixo</b>	<b>33.688,00 €</b>

b) Con cargo a aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Padrenda** co obxecto “Traballos medioambientais e limpeza viaria” por importe de 60.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Padrenda de data 27 de febreiro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da aplicación orzamentaria** da subvención nominativa anterior xa que non se trata de bens inventariables senón de gasto corrente do concello, e unha aclaración da finalidade desta, quedando polo tanto da seguinte forma,

**450.12/462.01 “Cooperación provincial. A Concellos ”**

<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>Traballos medioambientais ( limpeza, mantementos camiños, rozas, etcétera) e para a contratación dun chofer para a rozadora</b>	60.000,00 €

c) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos”, nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello dos Blancos** para “ Gastos de funcionamento da Banda Municipal” por un importe de 7.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Castrelo de Miño de data 23 de febreiro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención pasando a ser para, 450.12/462.00 “Cooperación provincial. A Concellos”

<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
<b>Obradoiros de baile tradicional, gaita e percusión, pandeireta e cantos populares da Escola Municipal de Gaitas</b>	7.000,00 €

d) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/762.01 “Cooperación provincial. A Concellos subvencións”, nos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Concello de Parada do Sil** co obxecto “ Vivenda para aluguer” e por un importe de 60.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo alcalde do Concello de Parada do Sil de data 27 de xaneiro de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención motivado polo temporal acontecido no pasado mes de xaneiro e que provocou grandes desfeitas no termo municipal que poñen en risco a seguridade da cidadanía e que necesitan ser arranxados no menor tempo posible, dividindo a cantidade inicial en dúas finalidades diferentes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINALIDADE	IMPORTE
450.12/762.01	Reparacións en distintas infraestruturas (viarios, muros e recollidas de pluviais)	25.000,00 €
450.12/762.01	Acondicionamento da pasarela Río Mao	35.000,00 €

e) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/789.01 “Cooperación provincial. Outras transferencias”, na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa á **Mancomunidade voluntaria de municipios da comarca de Ourense** co obxecto “ Muro contención punto limpo” por un importe de 48.000,00 euros.

Con base na solicitude presentada polo presidente da Mancomunidade de data 09 de marzo de 2023 e entrada no rexistro electrónico da Deputación o mesmo día, **acórdase o cambio da finalidade** da subvención, dividindo a cantidade inicial nas finalidades seguintes:

APLICACIÓN ORZAMENTARIA	FINALIDADE	IMPORTE
450.12/789.01	Muro de contención e actuacións no punto limpo	16.000,00 €

450.12/789.01	<b>Mellora da estrada do Alto do Couso a Pardeconde e Xunqueira (Concellos de Esgos, Maceda e Xunqueira de Espadañedo)</b>	<b>29.200,00 €</b>
450.12/789.01	<b>Honorarios de redacción dos proxectos das obras</b>	<b>2.800,00 €</b>

f) Con cargo á aplicación orzamentaria 450.12/ 489.00 “Cooperación provincial. Outras transferencias”, na MC 2/2023 dos orzamentos para o exercicio de 2023 da Deputación Provincial de Ourense, prevíase unha subvención nominativa ao **Asilo de Verín** co obxecto “Gastos de funcionamento ” e por un importe de 36.870,00 euros.

Proponse, por parte do persoal de dirección do asilo, o **cambio da finalidade da subvención e que implica un cambio na aplicación orzamentaria, pasando a 450.12/789.01 “Cooperación provincial. Outras transferencias”**, quedando da seguinte maneira:

<b>APLICACIÓN ORZAMENTARIA</b>	<b>FINALIDADE</b>	<b>IMPORTE</b>
450.12/789.01	<b>Proxecto para un elevador para a residencia de maiores</b>	<b>36.870,00 €</b>

4.- De acordo co artigo 169 da Lei reguladora das facendas locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno.

O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

**5º.- CAMBIO DE TITULARIDADE DA ESTRADA OU-1021 VERÍN (N-525) - ARCUCELOS (OU-113) ENTRE OS PUNTOS QUILOMÉTRICOS 0+000 E 0+536 A FAVOR DO CONCELLO DE VERÍN.-**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

Non se producen intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**Primeiro.-** Dar a conformidade da Deputación Provincial de Ourense ao cambio de titularidade a prol do Concello de Verín (Ourense) dos seguintes treitos de estradas provinciais:

CLAVE	DENOMINACIÓN	P.Q.INI.	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89	P.Q.FIN	COORDENADAS UTM 29 - ETRS 89
OU-1021	Verín (N-525) - Arcucelos (OU-113)	0+000	629.051,77- 4.644.348,76	0+536	629.079,53 - 4.644.875,33

**Segundo.-** Solicitar a conformidade do referido concello para a tramitación do cambio de titularidade, de estar de acordo coa proposta, consonte co previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013 de estradas de Galicia, e o artigo 18 do seu regulamento.

**Terceiro.-** De acordo co establecido no artigo 9.6 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, o cambio de titularidade será efectivo ao día seguinte da publicación do Decreto da Xunta de Galicia no DOG. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes a esta publicación mediante a sinatura da correspondente acta de entrega entre as administracións intervenientes.

**Cuarto.-** Logo da tramitación do cambio de titularidade, e en aplicación dos números 4 e 6 do artigo 10 da Lei 8/2013, de estradas de Galicia, a Deputación Provincial de Ourense deberá modificar o seu catálogo de estradas para incluír os cambios de titularidade aos que se refire o presente acordo.

**6º.- CESIÓN AO CONCELLO DA PEROXA DUNHA PARCELA SOBRANTE DE TITULARIDADE PROVINCIAL, CORRESPONDENTE Á OU-0505 ENTRE O PQ 12+150 E O PQ 12+220 MARXE DEREITA.**

O Sr. secretario expón o contido do ditame favorable da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente.

Non se producen intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Cederlle gratuitamente ao Concello da Peroxa a seguinte parcela de titularidade provincial:

Denominación	PQ inicial	PQ final	Lonxitude	Anchura	Superficie	Tipoloxía	Función

Sobrante OU-0505 entre pq 12+150 e pq 12+220 marxe dereita	12+150	12+220	70 M	variable	153,93 m2	Convencional	Local
--	--------	--------	------	----------	-----------	--------------	-------

2º.- Determinar a reversión automática ao patrimonio da Deputación Provincial de Ourense do ben cedido gratuitamente, se non é destinado ao uso previsto no termo máximo dun ano, e deixa de selo en todo caso posteriormente no transcurso de 25 anos.

3º.- Facultar á Presidencia para que subscriba todas as actuacións que se deriven do expediente e sexan necesarias para a depuración xurídica do ben, entre elas a sinatura da escritura pública de cesión do ben, se procedese.

4º.- Notificarlle o presente acordo ao Concello da Peroxa, para os efectos oportunos.

5º.- Comunicarlle este acordo ao órgano competente da Comunidade Autónoma, para os efectos da toma de coñecemento da cesión do ben patrimonial.

**7º.- APROBACIÓN DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA - SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA PARA O EXERCICIO 2023.-**

O Sr. presidente anuncia que, segundo o acordado na Xunta de Portavoces, se debaterán conxuntamente os puntos 7º, 8º, 9º e 10º, con votación separada.

Previamente corresponde a ratificación da inclusión na orde do día dos puntos 9º e 10º, xa que non foron ditaminados en comisión informativas, e que é aprobada por unanimidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza a súa intervención sinalando que estes programas son a medida máis importante de benestar que ten esta Deputación a favor dos concellos da provincia e que saen sobre un total de 1.700.000,00 €, que considera que non é unha cantidade moi elevada, pero quere romper unha lanza a favor desta Deputación xa que se trata do exercicio de competencias que son da Xunta de Galicia, polo que non deberíamos ter que estar poñendo nada, igual que os concellos, xa que é unha competencia propia da Xunta de Galicia, e que nalgún momento teremos que retomar o “pacto local” para que a administración autonómica se faga cargo das súas obrigas, como por exemplo o recente anuncio da gratuidade das escolas infantís, xa que nunha gran parte vai ser asumida polos propios concellos. Sobre a previsión concreta dos programas de cooperación sinala que a

contía é escasa para todos os concellos da nosa provincia. Sobre o programa do SAF, que se incrementa en 300.000,00 € con respecto a exercicios anteriores, sinala que veremos como se plasma e pode ser unha medida que axude aos servizos sociais municipais, pero que aínda así é escasa, nun contexto no que cada vez vai haber máis potenciais usuarios deste servizo debido ao avellentamento da nosa poboación e á actual realidade social. Sobre o programa relativo ao persoal técnico sinala que existen os mesmos fondos que o ano pasado, cando os salarios e outros gastos si sufriron un incremento considerable, polo que a previsión orzamentaria queda bastante curta. Insiste en que a Xunta de Galicia debe dar o servizo e non limitarse como fai a dar horas, que ao final repercuten en máis gasto para os respectivos concellos. Remata insistindo na necesidade de reflexionar na prestación destes servizos tratando de que a xente maior estea no seu entorno o maior tempo posible.

- 1ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que a súa intervención podería ser a mesma que a do pasado exercicio, xa que estamos ante os mesmos programas que en exercicios anteriores, e que son programas moi importantes e necesarios que prestan os concellos, polo que non se entende que o orzamento destes apenas aumente este ano, e que esta é unha reivindicación constante do grupo socialista, xa que cada vez hai máis concellos que participan nos programas e o orzamento mantense ano tras ano. Engade que os gastos municipais en bens, materiais e sobre todo persoal aumentan tamén cada ano. Sinala que o ano pasado no debate se falou moito da intención do goberno provincial de incrementar a contía destinada a estes programas de cooperación e os criterios de reparto previstos. Vemos que non chegan as modificacións anunciadas e que non se está facendo por esta Deputación o esforzo que merecen estes servizos, e máis nun contexto no que a administración provincial presenta o orzamento máis elevado da súa historia ou un remanente de tesourería récord. Finaliza pedindo que se aclare no SAF cal é a aplicación orzamentaria concreta deste programa xa que existe certa contradición nas cantidades previstas, e anuncia que o voto do grupo socialista, polas razóns expostas, vai a ser a abstención.

- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): comeza a súa intervención sinalando que estamos ante un punto moi importante polo seu destino. Sinala que a Deputación de Ourense fixo un importante esforzo para incrementar o importe dos programas destinados ao SAF e ao persoal técnico. Comeza sinalando que non debemos esquecernos que o Estado é o primeiro que non cumpre coas súas obrigas de achega para estes servizos, en particular a dependencia, e que isto repercute nas achegas que deben facer a Xunta de Galicia e os concellos.

Seguidamente fai un breve repaso dos importes destinados a cada un dos catro programas de cooperación que se elevan a este pleno, así como dos criterios de distribución entre os concellos. Sobre o programa do SAF sinala que se prevé unha liña nova, acción un, destinada á dixitalización deste servizo por parte das entidades locais, dotada con 127.500,00 €, o 10 % do total do programa, e que se houbera importante sobranza nesta liña este destinárase á acción dúas, relativas ao financiamento do SAF propiamente dito. Sinala que esta nova acción se implementa atendendo ás demandas dos técnicos municipais, e co obxectivo de atender ás novas esixencias legais para os concellos, e no exercicio das competencias provinciais de asistencia técnica e económica aos concellos.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): manifesta que ao final estamos a falar dun orzamento provincial de noventa e un millóns de euros e de que se destinan a estes programas só en torno a un millón setecentos mil euros. Do ano pasado a este o incremento é de 300.000,00 €, é dicir só o 5% do incremento do orzamento provincial. Remata reivindicando un maior esforzo desta administración provincial para cooperar cos concellos da provincia.

- 2ª intervención Margarita Pérez (grupo do PS de G-PSOE): comeza indicando que non se fixo o esforzo suficiente con ese pequeno incremento do orzamento dalgún destes programas de cooperación e que o esforzo desta Deputación debe ser moito maior.

- 2ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): insiste en reivindicar a necesaria implicación do Estado nesta materia e respecto aos criterios de reparto previstos sinala que debe primarse aos concellos pequenos, razón pola que o goberno provincial opta por aplicar os criterios de reto demográfico, mentres o grupo socialista unicamente formula unha negativa a estes criterios pero sen ningún tipo de proposta alternativa. Remata sinalando que estamos nunha materia, servizos sociais, na que a competencia é de todas as AAPP e que todas deben implicarse.

O contido íntegro das intervencións dos puntos 7º, 8º, 9º e 10º da vídeo acta da sesión, está dispoñible no seguinte enlace: [ver puntos 7º, 8º, 9º e 10º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación o punto 7º da orde do día, e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense Infancia para a concesión de subvencións para servizos complementarios de atención á infancia 2023, co seguinte teor literal:**

**Primeira.- Obxecto da subvención:**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia- Servizos Complementarios**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Servizos Complementarios á infancia”.

Para os efectos desta convocatoria, enténdese como servizo complementario de atención á infancia, aqueles servizos de titularidade municipal, que por xestión directa ou indirecta e en xornada diúrna, desenvolven funcións de atención e coidado fóra da xornada ordinaria dos centros escolares para nenos e nenas entre 3 e 12 anos actuando como soporte e apoio as familias e contribuindo á conciliación da vida laboral e familiar.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gasto de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do servizo complementario.

Para as subvencións concedidas nesta acción, resérvase crédito na aplicación 23111/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, por importe de 105.000,00€ (cento cinco mil euros).

**Segunda.- Entidades beneficiarias.**

Poderán obter subvención as corporacións locais de menos de 20.000 habitantes, da provincia de Ourense, que contén cun centro que reúna as seguintes condicións:

- Que teñan en funcionamento un servizo complementario da súa titularidade, xestionado de forma directa ou indirecta, que organicen o coidado dos nenos e nenas no seo dun grupo coa finalidade de contribuír ao seu benestar e favorecer a conciliación laboral e familiar mediante a garda e custodia dos menores, funcione baixo un calendario coñecido e sistemático, con reserva de praza previa e unha regulación para a cobertura das prazas.
- Que estes centros presten servizos, cando menos, 5 días da semana durante 6 meses ao ano, coa finalidade de adaptar o seu calendario de apertura ás necesidades de conciliación da vida laboral e familiar dos pais/nais ou

representantes legais dos nenos, excepto aqueles días sinalados como festivos no calendario laboral.

Tamén poderán subvencionarse os servizos complementarios que se poñan en funcionamento para facilitar a conciliación laboral e familiar durante as vacacións escolares dos menores, que deberán prestar servizos 5 días á semana durante, como mínimo 1 mes, e cun horario amplo que permita dita conciliación.

Quedan expresamente excluídos de esta consideración servizos exclusivos de ludoteca, actividades de formación/capacitación complementarias á escolar e desenvolvidas no curso escolar (actividades extraescolares), actividades deportivas ou de ocio realizadas polo concello durante o curso escolar, e outras de natureza análoga ás anteriores.

### **Terceira.- Contía das subvencións**

O importe da subvención obtérase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 20.000 habitantes terase en conta a clasificación, en graos, que lle corresponde segundo os criterios do anexo I e, de forma que os concellos sen prioridade demográfica presentan menor risco demográfico que os de grao 1, este menor risco demográfico que os de grao 2, sendo o de maior risco demográfico os de grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante CP), así, para os concellos sen prioridade demográfica e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia e o CP que lle corresponde a cada un.
- b) Obtérase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividírase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.
- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplícase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- $Sumatorio\ dos\ CP\ de\ todos\ os\ concellos\ solicitantes = "C"$
- $División\ da\ contía\ total\ da\ subvención:\ 105.000 / "C" = "R"$ .

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:

*CP da entidade solicitante x “R”*= subvención que lle corresponde.

#### **Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos.**

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifieste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que se porán a disposición pola Área de Benestar, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentaranse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

**Quinta.- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.**

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas no presente programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

**Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.**

As subvencións previstas no presente Programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

- 1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 30 de xullo de 2023, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

- 2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2023 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os

formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2023, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
2. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do/a destinatario/a.
3. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto e dos copagamentos das persoas usuarias do servizo.
4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2023, obxecto da presente convocatoria.

A subvención concedida xunto cos copagamento das persoas usuarias do servizo non poderán superar o 100% do custo do servizo. De ser este o caso, a subvención minorarase na contía precisa para que non supere esta porcentaxe.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos corrixibles na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificados polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

**Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas.**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e igual exercicio orzamentario.

**Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude.**

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas non que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas

físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

- a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es).
- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: [dpd@depourense.es](mailto:dpd@depourense.es).
- c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.benourense.depourense.es](http://www.benourense.depourense.es). As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.
- d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

- j) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.
- k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

#### **Novena .- Control financeiro das subvencións.**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2023 e 2024. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

#### **Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas.**

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

- 1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande.

A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

## **ANEXO I: CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.**

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,

- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2023.

## **1. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.**

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	<a href="https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf">https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf</a>	Diciembre de 2022
Poboación oficial	INE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Publicado: <b>30/12/2021</b>
Variación da poboación (2012-2021)	INE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Publicado: 30/12/2021. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del Ine
Superficie do termo municipal	IGE	<a href="http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=">http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=</a>	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Población INE 2021- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del ine para población y del Ige para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	<a href="https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p">https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p</a>	Elaboración Propia con datos de Población de 2021 (publicados el 18/01/2022, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	<a href="http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001">http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001</a>	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2018-2019 y 2020 que son los definitivos a 15-07-2022

## **2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE**

### **a) Clasificación Primaria dos Concellos da Provincia de Ourense.**

**1. Sen prioridade demográfica:** estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

**2. Con prioridade demográfica:** Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

### **b) Clasificación Secundaria dos Concellos da Provincia de Ourense**

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **Grao 0**.

### **3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.**

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

#### **1.- Poboación.**

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2021.

#### **2.- Situación xeográfica.**

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas.  
Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

#### **3.- Perda da poboación.**

Diferéncianse entre:

- a) Concellos que gañaron poboación na década 2012-2021.
- b) Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2012-2021.
- c) Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2012-2021
- d) Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2012-2021.
- e) Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2012-2021

#### **4.- Densidade demográfica municipal.**

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- a) Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> .
- b) Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.
- c) Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 20 habitantes/km<sup>2</sup>
- d) Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km<sup>2</sup>

#### **5.- Índice de envellecemento.**

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2021<sup>1</sup>-, e as persoas menores de 15 anos , e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

#### **6.- Taxa de natalidade.**

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2018,2019,2020<sup>2</sup> ,en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

#### **4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.**

<sup>1</sup> Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

<sup>2</sup> Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

### **1. Sen prioridade demográfica**

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- a) Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- b) Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

### **2. Con prioridade demográfica**

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

#### **GRAO 1.**

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- a) Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- b) Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráse sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

#### **GRAO 2.**

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- a) Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.

- b) Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e inferior a 15 habitantes/km<sup>2</sup>
- c) Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- d) Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- e) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- f) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km<sup>2</sup>
- g) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- h) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

### **GRAO 3.**

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- a) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2012-2021 maior ao 20%
- b) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km<sup>2</sup>.
- c) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2012-2021 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
  - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
  - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

### **5. TABLA DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO.**

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1

3	Arnoia, A	Grao 2
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 3
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2
15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 2
19	Carballiño, O	sen prioridade
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Grao 1
25	Cenlle	Grao 2
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	sen prioridade
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2
31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3

33	Gudiña, A	Grao 2
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 1
38	Lobeira	Grao 3
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1
50	Oímbra	Grao 2
51	Ourense	sen prioridade
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 1
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 2
60	Pontedeva	Grao 3
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 1

63	Quintela de Leirado	Grao 2
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubía	Grao 2
70	San Amaro	Grao 2
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 3
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 3
82	Verín	sen prioridade
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 1
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 1
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 2

**ANEXO II:**

**Clasificación de concellos “prioridade demográfica”**

	<b>Concello</b>	<b>Clasificación prioridade demográfica</b>	<b>C.P. (coeficiente ponderación)</b>
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	grao 1	1
3	Arnoia, A	grao 2	1,25
4	Avión	grao 2	1,25
5	Baltar	grao 3	1,5
6	Bande	grao 2	1,25
7	Baños de Molgas	grao 2	1,25
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	grao 3	1,5
11	Beariz	grao 3	1,5
12	Blancos, Os	grao 3	1,5
13	Boborás	grao 2	1,25
14	Bola, A	grao 2	1,25
15	Bolo, O	grao 3	1,5
16	Calvos de Randín	grao 3	1,5
17	Carballeda de Avia	grao 2	1,25
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2	1,25
19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	grao 2	1,25
21	Castrelo de Miño	grao 2	1,25
22	Castrelo do Val	grao 3	1,5
23	Castro Caldelas	grao 2	1,25
24	Celanova	grao 1	1
25	Cenlle	grao 2	1,25
26	Chandrexa de Queixa	grao 3	1,5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	grao 2	1,25
29	Cualedro	grao 2	1,25

30	Entrimo	grao 2	1,25
31	Esgos	grao 1	1
32	Gomesende	grao 3	1,5
33	Gudiña, A	grao 2	1,25
34	Irixo, O	grao 2	1,25
35	Larouco	grao 3	1,5
36	Laza	grao 2	1,25
37	Leiro	grao 1	1
38	Lobeira	grao 3	1,5
39	Lobios	grao 2	1,25
40	Maceda	grao 1	1
41	Manzaneda	grao 3	1,5
42	Maside	grao 1	1
43	Melón	grao 2	1,25
44	Merca, A	grao 1	1
45	Mezquita, A	grao 2	1,25
46	Montederramo	grao 3	1,5
47	Monterrei	grao 2	1,25
48	Muíños	grao 2	1,25
49	Nogueira de Ramuín	grao 1	1
50	Oímbra	grao 2	1,25
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	grao 1	1
53	Padrenda	grao 2	1,25
54	Parada de Sil	grao 3	1,5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	grao 1	1
57	Petín	grao 1	1
58	Piñor	grao 1	1
59	Pobra de Trives, A	grao 2	1,25
60	Pontedeva	grao 3	1,5
61	Porqueira	grao 3	1,5
62	Punxín	grao 1	1
63	Quintela de Leirado	grao 2	1,25
64	Rairiz de Veiga	grao 2	1,25

65	Ramirás	grao 2	1,25
66	Ribadavia	grao 1	1
67	Riós	grao 2	1,25
68	Rúa, A	grao 1	1
69	Rubiá	grao 2	1,25
70	San Amaro	grao 2	1,25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	grao 2	1,25
73	San Xoán de Río	grao 3	1,5
74	Sandiás	grao 1	1
75	Sarreaus	grao 2	1,25
76	Taboadela	grao 1	1
77	Teixeira, A	grao 3	1,5
78	Toén	grao 1	1
79	Trasmiras	grao 2	1,25
80	Veiga, A	grao 3	1,5
81	Verea	grao 3	1,5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	grao 2	1,25
84	Vilamarín	grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1	1
86	Vilar de Barrio	grao 2	1,25
87	Vilar de Santos	grao 1	1
88	Vilardevós	grao 2	1,25
89	Vilariño de Conso	grao 3	1,5
90	Xinzo de Limia	grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2	1,25
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 2	1,25

### Anexo III

**Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións**

Don/Dona.....,  
NIF....., en nome propio, ou en representación da

entidade ..... con  
NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

**Primeiro:** que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Segundo:** que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

**2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.**

### **8º.- APROBACIÓN PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE INFANCIA - PUNTOS DE ATENCIÓN Á INFANCIA - PAI PARA O EJERCICIO 2023.**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 7º, 9º e 10º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense Infancia para a concesión de subvencións a puntos de atención á primeira infancia-PAI para o exercicio 2023, co seguinte teor literal:**

**Primeira.- Obxecto da subvención:**

Constitúe o obxecto destas bases a regulación da convocatoria pública, por parte da Deputación Provincial de Ourense, para a tramitación e concesión de subvencións do Programa “**BenOurense Infancia**” en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas ás corporacións locais para o mantemento dos “Puntos de Atención a Primeira Infancia (PAI)”. Para os efectos das presente convocatoria enténdese como **PAI** aqueles establecementos de carácter diúrno e titularidade municipal, situados en concellos de menos de 5.000 habitantes e encadrados nos servizos sociais comunitarios específicos dos concellos, que teñen por finalidade prestar apoio aos pais, nais, titores/as e gardadores/as dos nenos e nenas entre 3 meses e 3 anos e que se encontran regulados polo Decreto 329/2005, do 28 de xullo. Exceptúanse aqueles servizos xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que poida substituíla.

A través deste programa a Deputación subvencionará gastos de persoal, gastos de mantemento dos centros e demais gastos inherentes aos servizos prestados dentro do PAI.

Para as subvencións concedidas nesta acción resérvase crédito na aplicación 2311/46201 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023 por importe de 105.000,00€ (cento cinco mil euros).

**Segunda.- Entidades beneficiarias**

Poderán obter subvención os concellos de menos de 5.000 habitantes da provincia de Ourense, que teñan un PAI de titularidade municipal e que non estean xestionados polo Consorcio Galego de Benestar da Xunta de Galicia ou entidade que a substitúa.

**Terceira.- Contía da subvención**

O importe da subvención obterase da realización dos seguintes cálculos:

- a) Cada concello de menos de 5.000 habitantes e, por iso, con posibilidade de ter xa en funcionamento un PAI e solicitar a axuda obxecto desta convocatoria, ten unha clasificación en graos obtida pola aplicación dos criterios recollidos no anexo I, sendo o

concello clasificado como “sen prioridade” o de menor risco demográfico, o grao 1 de menor risco demográfico que o grao 2, e este menor que o grao 3. Cada grao ten atribuído un “coeficiente de ponderación” (en diante CP), así, para os concellos en grao 0 e os de grao 1 o coeficiente é 1, para o grao 2 o coeficiente é 1.25 e para o grao 3 o coeficiente é 1.5. Recóllese no anexo II a clasificación en graos de todos os concellos da provincia de menos de 5.000 habitantes e o CP que lle corresponde a cada un.

- b) Obterase o sumatorio global dos CP dos concellos que soliciten esta subvención e teñan dereito a ela, e dividirase a contía global da subvención entre o sumatorio obtido.
- c) Para obter a contía concreta da subvención que lle corresponde a cada concello solicitante, multiplicarase a contía obtida en aplicación do expresado no parágrafo b) polo CP que lle corresponde ao concello concreto.

De forma gráfica o cálculo farase da forma seguinte:

- $Sumatorio\ dos\ CP\ de\ todos\ os\ concellos\ solicitantes = "C"$
- $División\ da\ contía\ total\ da\ subvención: 105.000 / "C" = "R"$ .

Para concretar a contía de subvención que lle corresponde a cada concello farase o cálculo seguinte:  $CP\ da\ entidade\ solicitante \times "R" = \underline{subvención\ que\ lle\ corresponde}$ .

#### **Cuarta.- Procedemento de adhesión dos concellos**

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes por vía telemática de conformidade co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que se porán a disposición pola Área de Benestar, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentaranse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

Unha vez examinada a documentación, a Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no programa.

#### **Quinta- Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa**

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

#### **Sexta.- Tramitación das subvencións previstas neste Programa. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro**

As subvencións previstas neste programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas conforme o descrito nestas bases, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

- 1) Pagamento anticipado do 80% sobre o máximo de subvención previsto para cada concello.

Antes do 30 de xullo de 2023, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento do 80% do importe máximo de subvención previsto a cada concello. O importe restante librarase unha vez realizada a xustificación final por parte da entidade local.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incursas nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo III que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

- 2) Xustificación e pagamento final.

Ata o 30 de novembro de 2023 (inclusive) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a execución do(s) proxecto(s) subvencionado(s) durante o exercicio 2023, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria da execución do proxecto subvencionado.
2. Relación de documentos xustificativos dos gastos. No caso de presentarse facturas admitiranse as facturas completas ou simplificadas sempre que conste nelas o CIF do destinatario/a.
3. Certificación expedida polo órgano competente da entidade beneficiaria da realización dos gastos correspondentes ao proxecto.

4. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
5. Declaración das medidas de difusión da subvención concedida.

Á documentación anterior engadiránselle as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base décima.

En ningún caso se considerarán gastos subvencionables os xuros debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais. Polo exposto, a xustificación non poderá incluír os referidos gastos. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2023, obxecto da presente convocatoria.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos corrixibles na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

A solicitude da Intervención da Deputación Provincial, poderán esixirse aqueles documentos ou xustificantes complementarios que, motivadamente, se consideren oportunos para unha fidedigna acreditación da realización do gasto. Igualmente, a Intervención da Deputación poderá realizar funcións de inspección e control financeiro das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei 9/2007.

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa. Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda.

### **Sétima- Compatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

### **Oitava- Réxime de protección dos datos achegados coa solicitude**

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto no apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- . En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

- a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es).
- b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: [dpd@depourense.es](mailto:dpd@depourense.es).
- c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista,

será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.benourense.depourense.es](http://www.benourense.depourense.es). As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación
- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.
- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

#### **Novena .- Control financeiro das subvencións**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos/ás beneficiarios/as, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente Programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2023 e 2024. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e,

en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos tres entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración se anunciará coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicarase ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial daralle conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas

#### **Décima.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas**

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais obxecto de subvención, que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirlle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración

da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

## **ANEXO I: CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.**

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”*.

O citado documento enumera as *“catro figuras”* que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A *“Comisión de despoboamento”* da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas Áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2023.

## 2. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.

Para garantir o estricto cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	<a href="https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf">https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf</a>	Diciembre de 2022
Poboación oficial	INE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Publicado: <b>30/12/2021</b>
Variación da poboación (2012-2021)	INE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Publicado: 30/12/2021. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del Ine
Superficie do termo municipal	IGE	<a href="http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=">http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=</a>	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Población INE 2021- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del ine para población y del Ige para superficie
Índice de envelhecimento	INE/IGE	<a href="https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p">https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p</a>	Elaboración Propia con datos de Población de 2021 (publicados el 18/01/2022, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	<a href="http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001">http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001</a>	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2018-2019 y 2020 que son los definitivos a 15-07-2022

## 2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE

### a) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.

**1. Sen prioridade demográfica:** Estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

**2. Con prioridade demográfica:** Estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

**b) Clasificación secundaria dos concellos da provincia de Ourense**

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **Grao 0**.

**3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.**

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

**1.- Poboación.**

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2021.

**2.- Situación xeográfica.**

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas.  
Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

**3.- Perda da poboación.**

Diferéncianse entre:

- f) Concellos que gañaron poboación na década 2012-2021.

- g) Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2012-2021.
- h) Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2012-2021
- i) Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2012-2021.
- j) Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2012-2021

#### **4.- Densidade demográfica municipal.**

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- e) Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km<sup>2</sup>.
- f) Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.
- g) Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 20 habitantes/km<sup>2</sup>
- h) Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km<sup>2</sup>

#### **5.- Índice de envellecemento.**

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2021<sup>3</sup>-, e as persoas menores de 15 anos, e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

#### **6.- Taxa de natalidade.**

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2018,2019,2020<sup>4</sup>, en atención ao que os concellos clasificaranse en :

<sup>3</sup> Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

<sup>4</sup> Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

#### **4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.**

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

##### **1. Sen prioridade demográfica**

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- c) Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- d) Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

##### **2. Con prioridade demográfica**

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

##### **GRAO 1.**

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- c) Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- d) Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráse sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

##### **GRAO 2.**

Concellos con prioridade demográfica , que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- i) Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdesen entre un 15% e un 20% da súa poboación.
- j) Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e inferior a 15 habitantes/km<sup>2</sup>
- k) Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- l) Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- m) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- n) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km<sup>2</sup>
- o) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- p) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

### **GRAO 3.**

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- d) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2012-2021 maior ao 20%
- e) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km<sup>2</sup>.
- f) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2012-2021 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais cúmprese algunha das seguintes características:
  - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
  - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

**5. TÁBOA DE CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE EN FUNCIÓN DOS CRITERIOS DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO.**

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
1	Allariz	sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 2
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 3
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2
15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 2
19	Carballiño, O	sen prioridade
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Grao 1

25	Cenlle	Grao 2
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	sen prioridade
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2
31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 2
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 1
38	Lobeira	Grao 3
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1
50	Oímbra	Grao 2
51	Ourense	sen prioridade
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3

55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 1
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 2
60	Pontedeva	Grao 3
61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 1
63	Quintela de Leirado	Grao 2
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 2
70	San Amaro	Grao 2
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 3
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 3
82	Verín	sen prioridade
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1

85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 1
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 1
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1
91	Xunqueira de Ambía	Grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 2

## ANEXO II:

### Clasificación de concellos “prioridade demográfica”

	Concello	Clasificación prioridade demográfica	C.P. (coeficiente ponderación)
1	Allariz	sen prioridade	1
2	Amoeiro	grao 1	1
3	Arnoia, A	grao 2	1,25
4	Avión	grao 2	1,25
5	Baltar	grao 3	1,5
6	Bande	grao 2	1,25
7	Baños de Molgas	grao 2	1,25
8	Barbadás	sen prioridade	1
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade	1
10	Beade	grao 3	1,5
11	Beariz	grao 3	1,5
12	Blancos, Os	grao 3	1,5
13	Boborás	grao 2	1,25
14	Bola, A	grao 2	1,25
15	Bolo, O	grao 3	1,5
16	Calvos de Randín	grao 3	1,5
17	Carballeda de Avia	grao 2	1,25
18	Carballeda de Valdeorras	grao 2	1,25

19	Carballiño, O	sen prioridade	1
20	Cartelle	grao 2	1,25
21	Castrelo de Miño	grao 2	1,25
22	Castrelo do Val	grao 3	1,5
23	Castro Caldelas	grao 2	1,25
24	Celanova	grao 1	1
25	Cenlle	grao 2	1,25
26	Chandrexa de Queixa	grao 3	1,5
27	Coles	sen prioridade	1
28	Cortegada	grao 2	1,25
29	Cualedro	grao 2	1,25
30	Entrimo	grao 2	1,25
31	Esgos	grao 1	1
32	Gomesende	grao 3	1,5
33	Gudiña, A	grao 2	1,25
34	Irixo, O	grao 2	1,25
35	Larouco	grao 3	1,5
36	Laza	grao 2	1,25
37	Leiro	grao 1	1
38	Lobeira	grao 3	1,5
39	Lobios	grao 2	1,25
40	Maceda	grao 1	1
41	Manzaneda	grao 3	1,5
42	Maside	grao 1	1
43	Melón	grao 2	1,25
44	Merca, A	grao 1	1
45	Mezquita, A	grao 2	1,25
46	Montederramo	grao 3	1,5
47	Monterrei	grao 2	1,25
48	Muíños	grao 2	1,25
49	Nogueira de Ramuín	grao 1	1
50	Oímbra	grao 2	1,25
51	Ourense	sen prioridade	1
52	Paderne de Allariz	grao 1	1
53	Padrenda	grao 2	1,25

54	Parada de Sil	grao 3	1,5
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade	1
56	Peroxa, A	grao 1	1
57	Petín	grao 1	1
58	Piñor	grao 1	1
59	Pobra de Trives, A	grao 2	1,25
60	Pontedeva	grao 3	1,5
61	Porqueira	grao 3	1,5
62	Punxín	grao 1	1
63	Quintela de Leirado	grao 2	1,25
64	Rairiz de Veiga	grao 2	1,25
65	Ramirás	grao 2	1,25
66	Ribadavia	grao 1	1
67	Riós	grao 2	1,25
68	Rúa, A	grao 1	1
69	Rubiá	grao 2	1,25
70	San Amaro	grao 2	1,25
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade	1
72	San Cristovo de Cea	grao 2	1,25
73	San Xoán de Río	grao 3	1,5
74	Sandiás	grao 1	1
75	Sarreaus	grao 2	1,25
76	Taboadela	grao 1	1
77	Teixeira, A	grao 3	1,5
78	Toén	grao 1	1
79	Trasmiras	grao 2	1,25
80	Veiga, A	grao 3	1,5
81	Verea	grao 3	1,5
82	Verín	sen prioridade	1
83	Viana do Bolo	grao 2	1,25
84	Vilamarín	grao 1	1
85	Vilamartín de Valdeorras	grao 1	1
86	Vilar de Barrio	grao 2	1,25
87	Vilar de Santos	grao 1	1
88	Vilardevós	grao 2	1,25

89	Vilariño de Conso	grao 3	1,5
90	Xinzo de Limia	grao 1	1
91	Xunqueira de Ambía	grao 2	1,25
92	Xunqueira de Espadanedo	grao 2	1,25

### Anexo III

#### **Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións**

Don/Dona.....,  
 NIF....., en nome propio, ou en representación da  
 entidade ..... con  
 NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

**Primeiro:** que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Segundo:** que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

\_\_\_\_\_, de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

**2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días**

**hábeles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.**

### **9º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PROGRAMA BENOURENSE PARA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR BÁSICO – SAF BÁSICO PARA O EXERCICIO 2023**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 7º, 8º e 10º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense para o servizo de axuda no fogar básico – SAF básico, para o exercicio 2023, co seguinte teor literal:**

#### **1.- Obxecto, fundamento competencial e dotación orzamentaria**

Constitúe o obxecto deste Programa: BenOurense SAF básico, a regulación da concesión de subvencións en réxime de concorrencia non competitiva destinadas ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes que presten o servizo de atención no fogar básico (SAF básico). Inclúense tamén as mancomunidades intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Este programa establécese no exercicio das competencias atribuídas á Deputación polos artigos 36.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

O presente programa estrutúrase en dúas accións:

1º) *Acción 1. Dixitalización do SAF-* Asistencia económica co obxecto de facilitarlle ás entidades locais a xestión dixitalizada do SAF a través dunha ferramenta informática contratada pola entidade local.

2º) *Acción 2.- Cofinanciamento SAF Básico.-* Asistencia económica para o cofinanciamento da prestación do servizo de axuda no fogar básico - SAF básico.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 de 1.200.489,00€.

## **II .- Beneficiarios**

**Acción 1. Dixitalización do SAF.** Serán beneficiarias as entidades locais, de menos de 20.000 habitantes, que presten o SAF, e que xestionen xa ou decidan xestionar dixitalmente o SAF facendo uso dunha ferramenta informática contratada pola entidade local . Para que esta dixitalización sexa subvencionable, a ferramenta informática contratada terá que ofrecer, como mínimo, as prestacións recollidas no anexo I destas bases.

Serán subvencionables os gastos derivados da prestación deste servizo/subministración e que se recollan na/s factura/s emitidas ás entidades locais pola empresa responsable da prestación de dito servizo/subministro, de acordo ao establecido na base III.1.

**Acción 2.- Cofinanciamento do SAF Básico.** A Deputación poderá recoñecerlles subvención a través deste Programa, en atención ao disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, ás entidades locais da provincia de Ourense de menos de 20.000 habitantes, que presten o servizo de axuda no fogar básico- SAF básico, tanto nos supostos de xestión directa como de xestión indirecta do servizo.

Considerarase SAF básico para os efectos deste programa, aquel cuxas persoas usuarias accedan ao servizo en réxime de libre concorrència. Considerarase tamén como persoas usuarias en réxime de libre concorrència ás persoas que teñan recoñecido o estatuto de persoas dependentes no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia, en tanto o seu programa de atención individualizada (PIA) non teña efectividade ou o devandito programa non contemple ou non poida dar cobertura ao número de horas de atención domicilia que, a criterio dos servizos sociais municipais, sexa necesario para a persoa usuaria, podendo

xustificarse a cargo desta subvención aquelas horas que sexan cubertas a través do sistema de libre concorrència ás devanditas persoas beneficiarias.

### **III. - Contías das subvencións.**

#### *1. Acción 1: Dixitalización do SAF*

A contía económica recoñecerase por entidade local adherida a esta liña de subvención que preste servizo de SAF Básico e está destinada á dixitalización da xestión do servizo de axuda no fogar, que se establecerá conforme aos seguintes criterios:

1.1. O importe máximo destinado a esta liña de subvención será de 127.500,00 €, que se repartirá entre todas as entidades locais adheridas e que así o manifesten no documento de adhesión segundo o modelo facilitado pola Deputación de Ourense. A contía máxima resultante non poderá ser superior a 1.500,00 € para as entidades locais de ata 5.000 habitantes, e de 2.500 € para as entidades locais de máis de 5.000 habitantes, sen prexuízo do previsto nesta base III 2.2 b). No caso de entidades que presten o servizo de SAF básico de forma mancomunada será a mancomunidade a tida en conta para a contía máxima prevista.

Logo do período de formalización da adhesión, unha vez feito o reparto económico e recoñecéndolles as contías ás entidades locais solicitantes ata os importes máximos establecidos anteriormente, a contía sobrante incorporárase á Acción 2: Cofinanciamento do SAF básico, e será repartido conforme aos criterios recollidos no apartado III.2.1.b)

1.3. A contía máxima prevista para cada entidade local queda condicionada, en todo caso, á contía xustificada e que será a correspondente á/s factura/s xeradas pola empresa elixida para a prestación do servizo/subministración de dixitalización á data de xustificación desta subvención.

No caso daquelas entidades locais que se adhiran a esta Acción 1 e xustifiquen gastos nesta liña de subvención, pero non consuman a totalidade da subvención máxima recoñecida, o importe non xustifico incrementaráse de forma automática á contía recoñecida para a Acción 2.

No caso das entidades que se adhiran a esta liña e non xustifiquen gastos establecerase un remanente que será repartido en SAF básico segundo os criterios recollidos no apartado III. 2. 1. b)

#### *2. Acción 2: Cofinanciamento da prestación do SAF básico:*

2.1. O importe da subvención por entidade local determínase da forma seguinte:

a) Tramo fixo: asígnase un primeiro tramo fixo segundo o grao no que estea clasificado o concello adherido en atención “á prioridade demográfica”, tal e como establecen os criterios recollidos no Anexo I. Os concellos aparecen clasificados por graos no Anexo II e as contías asignadas do tramo fixo son as seguintes:

- Concellos clasificados como “sen prioridade”: 2.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 1: 3.000,00 €
- Concellos clasificados como grao 2: 3.500,00 €
- Concellos clasificados como grao 3: 4.000,00 €

b) Tramo variable: para o cálculo deste tramo aplicarase a ratio de cobertura por habitante recollido no anexo III do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, asignándose un importe por unidade de convivencia resultante de dividir o crédito orzamentario dispoñible – logo de restarlle o importe total destinado ao tramo fixo-, entre o número de unidades existentes, conforme co seguinte:

b.1) Concellos de áreas caracterizadas como semiurbanas:

- De 10.000 a 20.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 400 habitantes.
- Menos de 10.000 habitantes: 1 unidade de convivencia atendida por cada 350 habitantes.

b.2) Concellos de áreas caracterizadas como áreas rurais:

- De 12.000 a 20.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 250 habitantes.
- Menos de 12.000: 1 unidade de convivencia atendida por cada 175 habitantes.

b.3) Concellos de áreas rurais de alta dispersión: 1 unidade de convivencia por cada 75 habitantes.

Nos supostos en que o SAF básico sexa prestado por mancomunidades, a contía será o resultado de sumar as cantidades correspondentes dos distintos concellos que a integran.

O cadro de distribución inicial das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes conforme coas regras precedentes, figura como Anexo III do presente Programa.

2. 2. A contía máxima inicial prevista por entidade local - que aparece recollida no anexo III deste programa-, queda condicionada a que esta contía non supere o custo neto do SAF básico para a entidade local, calculado de xeito mensual, conforme ás regras seguintes:

a) Xestión directa do servizo:

O custo total do SAF estará determinado pola suma dos seguintes custos:

- O custo total do persoal auxiliar de axuda no fogar (básico e dependencia).
- O custo dos desprazamentos do persoal de axuda no fogar (básico e dependencia).

A partir do custo do SAF total determinarase o custo bruto do SAF básico multiplicando o custo do SAF total (básica e dependencia), polo número de horas de servizo prestadas de SAF básico xestión directa, e dividindo o resultado entre o número de horas SAF totais prestadas con xestión directa (básico + dependencia).

b) Xestión indirecta do servizo: o custo bruto do SAF básico será o que apareza reflectido na factura emitida pola adxudicataria do servizo.

Á contía resultante correspondente ao custo bruto do SAF básico, tanto para a xestión do servizo directa coma a indirecta ou á suma de ambas as dúas, poderá sumárselle ata un máximo dun 15% da contía total da subvención en concepto de “outros gastos ou custos do servizo” e outro 15% para gastos de dixitalización do SAF Básico.

Entenderase como “outros gastos ou custos do servizo”, gastos de persoal indirectamente relacionados coa prestación do SAF de coordinación e/ou control administrativo de servizo, gastos en material funxible (luvas, máscaras, material desinfectante ...), ou análogos.

Entenderase como “gastos de dixitalización do SAF básico”, aqueles gastos asumidos pola entidade local para xestionar e/ou implementar a xestión informática do servizo e que superen o recoñecido na Acción 1 e sexan directamente imputables (asistencia técnica, parte económica asumida directamente pola entidade local na implementación e/o xestión do servizo etcétera).

Obtido o custo bruto do SAF básico de xeito mensual, tanto para a xestión directa coma para a xestión indirecta, e sumado o importe en “outros gastos”, e o importe de “gastos de dixitalización” o seu custo neto será a diferenza entre o custo bruto e os ingresos liquidados pola entidade local (ou entidade que xestione o servizo por conta da entidade local) en concepto de taxas ou prezos públicos pola súa prestación.

A determinación do custo neto do SAF básico obtido da forma indicada aparecerá reflectido na Memoria económica asinada pola persoa responsable da secretaría/intervención da entidade local correspondente, e será o gasto efectivamente xustificado para os efectos deste Programa.

#### **IV.- Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades**

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria a presentación de solicitudes conforme co previsto nesta base.

Os concellos e mancomunidades interesados en participar no Programa deberán comunicarlles a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da Alcaldía/ Presidencia (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos que poñerá á súa disposición a Deputación.

O modelo normalizado porase a disposición pola Deputación e nel recóllese a certificación da alcaldía/presidencia e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas ao concello para o mesmo servizo pola Deputación de Ourense.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

Unha vez examinada a documentación, a Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP e na sede electrónica da Deputación de Ourense. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa, causando baixa automática nas súas previsións. Neste suposto, os remanentes de cofinanciamento non utilizados incrementarán de o importe total asignado ao resto dos concellos segundo as normas de

reparto recollidas nas base III.2.2.1 b) e a contía resultante será na que se incremente a contía xa recollida para cada un destes concellos no Anexo III destas bases.

Coa adhesión, os concellos e mancomunidades manifestarán expresamente a asunción das obrigas previstas neste programa.

#### **V.- Réxime xurídico**

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións previstas no presente Programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

#### **VI.- Xustificación e pagamento**

A subvención prevista neste programa entenderanse automaticamente concedida ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base IV, procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

1. Pago anticipado a conta da xustificación final:

Antes do 30 de xullo de 2023, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80 % do importe total de subvención previsto a cada concello. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final conforme o previsto nestas bases e que será:

A xustificación final do programa, na Acción 1, poderá incluír :

- 1. As facturas emitidas pola mercantil prestadora do servizo/subministración de dixitalización a data de 15 de setembro de 2023 .
- Os gastos comprometidos coa mercantil prestadora do servizo/subministración ata decembro do ano 2023 aportando copia do contrato asinado entre a entidade local e a mercantil onde conste a duración do contrato e certificado emitido polo órgano que teña encarga a intervención da entidade conforme é un gasto comprometido.

No caso da Acción 2, poderase incluír :

- 1.- Os gastos do SAF básico efectuados ata o 31 de outubro de 2023.
- 2.- Os gastos comprometidos para os meses de novembro e decembro, en caso de querelos xustificar presentando unha certificación de gastos comprometidos polo órgano que teña

encomendada a intervención da entidade, no caso de querer incluír na xustificación os gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2023 .

## 2. Xustificación e pago final.

Ata o 15 de setembro de 2023 para a ACCIÓN 1 , e ata o 30 de novembro de 2023 para a ACCIÓN 2 (ambas datas incluídas) as entidades locais beneficiarias poderán presentar a documentación xustificativa da subvención concedida asinada dixitalmente e segundo os formularios facilitados pola Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

Para o libramento da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar:

### *Acción 1. Dixitalización do SAF*

1. Copia do contrato formalizado coa empresa prestadora do servizo de dixitalización do SAF onde conste a data de inicio e o período de duración do contrato.
2. Certificación emitida pola persoa responsable da secretaria onde deixe constancia – a modo de memoria-, das prestacións mínimas garantidas pola empresa en coherencia co contido do anexo I destas bases
3. Facturas emitidas pola empresa contratada a data de presentación da xustificación.
4. Certificado, de ser o caso, emitido pola persoa responsable da intervención da entidade local onde consten as obrigas económicas recoñecidas coa empresa prestadora do servizo/subministración para o ano 2023 e que se deriven da dixitalización do SAF.

**Acción 2: Cofinanciamento do SAF.** Deberán xustificar a prestación do servizo de axuda no fogar básico durante o exercicio 2023, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Certificación de gastos efectuados do SAF básico dende o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2023, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.
2. Memoria económica do SAF, relativa aos gastos efectuados dende o 1 de xaneiro ao 31 de outubro de 2023, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.
3. No caso de querer xustificar gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2023, poderán presentar un certificado de gastos comprometidos asinado polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

En ambos casos, ademais presentarase:

- a). Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- b). Actualización á Declaración responsable de subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade xa aportadas na fase de solicitude
- c). Achegaranse, xunto cos formularios, as mostras gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base X (fotografía cartel, capturas páxina web...).

As certificacións de gastos executados e comprometidos e as memorias que teñen que aportarse deberá estar asinadas polos responsables da secretaría/intervención, e, no caso da Acción 2, os datos reflectirán o sistema de cálculo do custo bruto e neto recollido na base III.2 , apartados a) ou b) segundo corresponda o tipo de xestión directa ou indirecta do servizo, deberá de estar firmada electrónica mente polo funcionario responsable dos servizos de intervención da entidade beneficiaria. Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2023, obxecto desta convocatoria.

As notificación das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

Para proceder ao libramento da subvención, tanto na fase de anticipo como na de pago final, as entidades locais beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituíndo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do Anexo IV que pon a disposición a Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 20% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no articulo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos corrixibles na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

## **VII.- Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro**

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos no que o importe do gasto xustificado (correspondente ao custo neto do SAF básico e á contía para dixitalización) polas entidades locais beneficiarias sexa inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas neste programa. Neste supostos, a cantidade que deberá aboarse axustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

### **VIII. Compatibilidades con outras axudas ou subvencións públicas.**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

### **IX.- Réxime de protección de datos achegados coa solicitude**

1.- O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, así como no artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2.- En cumprimento do establecido no artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmase aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es).

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico:

[dpd@depourense.es](mailto:dpd@depourense.es).

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.benourense.depourense.es](http://www.benourense.depourense.es). As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación obrante no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os sos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así o reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adxudicación

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos. j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

## **X. Control financeiro das subvencións**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas neste programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2023 e 2024. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo a prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa celebración anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

## **XI.- Obrigas de información e publicidade das entidades locais adheridas:**

Con independencia da obriga de sometemento ao control financeiro previsto na base xeral anterior, as entidades locais adheridas ao presente programa estarán obrigadas a:

1.- Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento do SAF básico que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, poderá lugar á exclusión da entidade local do presente Programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, ou ao reintegro ou perda parcial dos ditos dereitos, en función da gravidade do incumprimento. A declaración de reintegro ou perda total ou parcial do dereito á subvención será resolta pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

2.- A identificar o servizo cofinanciado pola Deputación de Ourense, dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo como co financiado pola Deputación e que responderá as normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades adheridas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención será realizada por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

#### **ANEXO I :**

#### **PRESTACIÓNS MÍNIMAS DA FERRAMENTA INFORMÁTICA DE XESTIÓN DO SAF**

A ferramenta informática contratada pola entidade local beneficiaria de subvención polo Programa BenOurense SAF 2023, deberá ofrecer como mínimo as seguintes prestacións:

1. Necesidades básicas do persoal técnico municipal xestor do SAF e procesos de transformación dixital.
  - 1.1. Xestión electrónica dos documentos técnicos do SAF.
  - 1.2. Elaboración automatizada dos documentos do Plan de Intervención.
  - 1.3. Xestión da lista de espera do Servizo.
  - 1.4. Xeración e arquivo dos informes de seguimento das persoas beneficiarias.
  - 1.5. Xeración automática dos informes de incidencias relacionados coa execución do servizo.
  - 1.6. Elaboración telemática de Memorias de xestión.
  - 1.7. Xestión e almacenamento electrónico dos documentos técnicos do SAF.
2. Xestión telemática e control dos/as auxiliares de axuda no fogar.
  - 2.1. Control de asistencia dos/as auxiliares de axuda no fogar.
  - 2.2. Exportación do ficheiro de rexistro da xornada laboral, segundo o RD 18/2019.

- 2.3. Análise automático das discrepancias entre os tempos de servizo previstos e os tempos realizados.
- 2.4. Xeración automatizada de axendas de traballo semanais/mensuais e actualizacións de horarios.
- 2.5. Cómputo mecánico das horas traballadas polos/as auxiliares, tendo en conta a asignación de servizos, coberturas, IT...
- 2.6. Control da execución do SAF con empresa prestataria (xestión indirecta).
3. Xestión financeira do SAF.
  - 3.1. Realización automática do cálculo do copago mensual.
  - 3.2. Emisión automatizada de recibos de copago aos beneficiarios do SAF. Xeración de remesas bancarias e emisión de ficheiros.
  - 3.3. Configuración automatizada de cartas para o envío de comunicacións/recibos.
  - 3.4. Xeración de informes de custos económicos do SAF.
4. Explotación de datos para o control do SAF
  - 4.1. Xeración automática de informes de datos da prestación de servizo, segundo parámetros demandados pola entidade local.
  - 4.2. Xeración automática de listaxes para a elaboración de Memorias de Xestión.
  - 4.3. Xestión da posibilidade de xerar, archivar, consultar e exportar todo tipo de listaxes e expedientes para a xustificación anual das distintas subvencións e/ou organismos.
  - 4.4. Repositorio/ arquivo documental.

## **ANEXO II:**

### **ANEXO I: CRITERIOS PARA A APLICACIÓN DA PERSPECTIVA DO RETO DEMOGRÁFICO E CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE.**

A FEMP elaborou, en abril de 2017, o *“Documento de acción da Comisión de despoboamento: listaxe de medidas de loita contra este fenómeno demográfico”*, recolléndose neste documento, nas súas consideracións previas, que *“a regresión demográfica converteuse nun problema de Estado e como tal ten que respondérselle dende unha perspectiva de gobernanza multinivel que, na práctica, leva consigo a implicación de todas as administracións públicas en todas as súas fronteiras de acción”*.

O citado documento enumera as “*catro figuras*” que poden explicar os desafíos demográficos aos que hai que enfrontarse multidimensional e multiescalarmente:

- A baixa densidade,
- O envellecemento,
- A caída da natalidade e
- A perda continuada da poboación.

Desde a FEMP propónse unha rigorosa formulación de medidas prácticas que incorporen a loita contra o despoboamento como un principio para ter en conta en todos os plans e liñas de acción das administracións públicas.

A “Comisión de despoboamento” da FEMP, que desde a súa constitución en 2016 vén reclamando a adopción dunha Estratexia Nacional contra o despoboamento, pide que se reforce o papel das deputacións provinciais, cabidos e consellos insulares, como entidades de referencia e liderado nas políticas de sostemento e atención á poboación rural, intensificando a orientación das políticas das deputacións cara á corrección de desequilibrios demográficos no seu ámbito territorial, mediante a garantía dos servizos públicos de competencia local e o fomento do desenvolvemento económico e social de carácter endógeno.

Seguindo esta formulación, a Deputación Provincial de Ourense ten creado dentro da súa estrutura política a Área de Reto Demográfico, Igualdade e Políticas Sociais, e dentro da súa organización administrativa a Área de Benestar, coas funcións de impulso e execución das políticas provinciais nos referidos eidos, respectivamente.

Deste xeito, dende o exercicio 2019, por estas áreas vense establecendo unha clasificación dos concellos de Ourense, en aplicación aos criterios de reto demográfico que neste documento se recollen, coa finalidade de que os mesmos sexan aplicados a todos os programas de cooperación coas entidades locais da provincia e bases reguladoras de subvencións que as referidas áreas promovan durante o exercicio 2023.

### **3. DATOS OFICIAIS EMPREGADOS.**

Para garantir o estrito cumprimento dos principios de obxectividade e transparencia, a continuación indícanse os rexistros oficiais que se empregan para a aplicación da perspectiva do reto demográfico e a clasificación dos concellos nos graos que se indicarán.

DATO	REXISTRO OFICIAL	ENLACE	DATA
Inclusión nunha área urbana	Atlas estatístico das áreas urbanas de España do ministerio do Interior	<a href="https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf">https://www.fomento.gob.es/recursos_mfom/comodin/recursos/listado_areas_urbanas_por_municipios_2018.pdf</a>	Diciembre de 2022
Poboación oficial	INE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Publicado: <b>30/12/2021</b>
Variación da poboación (2012-2021)	INE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Publicado: 30/12/2021. Elaboración propia a partir de los datos oficiales del Ine
Superficie do termo municipal	IGE	<a href="http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=">http://www.ige.eu/igebdt/esq.jsp?idioma=es&amp;paxina=000&amp;c=-1&amp;ruta=verEjesApi.jsp?COD=77&amp;M=&amp;S=&amp;RET=</a>	2011
Densidade de poboación	INE/IGE	<a href="https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885">https://www.ine.es/jaxiT3/Datos.htm?t=2885</a>	Población INE 2021- Superficie IGE 2011. Elaboración propia calculada con los datos del ine para población y del Ige para superficie
Índice de envellecemento	INE/IGE	<a href="https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p">https://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=5310&amp;p</a>	Elaboración Propia con datos de Población de 2021 (publicados el 18/01/2022, que son los disponibles segmentados por edad y por ayuntamiento)
Taxa de natalidade	IGE	<a href="http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001">http://www.ige.eu/igebdt/selector.jsp?COD=227&amp;paxina=001&amp;c=0201002001</a>	Elaboración Propia con datos de nacimientos segundo sexo por ayuntamientos años 2018-2019 y 2020 que son los definitivos a 15-07-2022

## **2. CLASIFICACIÓN INICIAL DOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE OURENSE**

### **a) Clasificación primaria dos concellos da provincia de Ourense.**

**1. Sen prioridade demográfica:** estarán incluídos dentro desta clasificación aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- Estar incluídos nunha área urbana, en aplicación ao “atlas estatístico das áreas urbanas de España: Áreas Urbanas de España 2018” publicada polo anteriormente chamado Ministerio de Fomento, actualmente Ministerio de Transportes, Mobilidade y Agenda Urbana.
- Ter máis de 10.000 habitantes.
- Ter entre 5.000 e 10.000 habitantes, e gañar poboación na última década

**2. Con prioridade demográfica:** estarán incluídos dentro desta clasificación os concellos non incluídos nunha área urbana en aplicación ao atlas estatístico e nos que concorran ademais, algunha das seguintes características:

- Ter unha poboación menor ou igual a 5.000 habitantes.
- Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que perderan poboación na última década.

### **b) Clasificación secundaria dos concellos da provincia de Ourense**

Aqueles concellos que, na clasificación primaria sexan considerados “*con prioridade demográfica*”, obterán un GRAO. Os graos son: **Grao 1, Grao 2 e Grao 3**, onde o Grao 1 será o de menor intensidade e o Grao 3 o de maior intensidade.

Os concellos incluídos na clasificación “*sen prioridade demográfica*”, obterán un **Grao 0**.

### **3. APLICACIÓN DOS CRITERIOS PARA DETERMINAR A “PRIORIDADE DEMOGRÁFICA” DOS CONCELLOS.**

Os criterios que se teñen en conta para determinar a “prioridade demográfica” dos concellos da provincia, son os seguintes:

#### **1.- Poboación.**

Os concellos clasificaranse en :

- Ata 1.000 habitantes.
- De 1001 a 5.000 habitantes.
- De 5001 a 10.000 habitantes.
- De 10.001 a 20.000 habitantes.

Para determinar a poboación para os efectos da convocatoria tívose en conta a cifra oficial de poboación INE do ano 2021.

#### **2.- Situación Xeográfica.**

Establécese unha diferenza entre:

- Concellos pertencentes a “áreas urbanas” do atlas estatístico das áreas urbanas.  
Concellos que non pertencen a unha “área urbana” do atlas estatístico das áreas urbanas .

#### **3.- Perda da poboación.**

Diferéncianse entre:

- k) Concellos que gañaron poboación na década 2012-2021.
- l) Concellos que perderon poboación nunha porcentaxe menor ao 10% na década 2012-2021.
- m) Concellos que perderon entre un 10% e un 15% de poboación na década 2012-2021
- n) Concellos que perderon máis dun 15% e menos dun 20% de poboación última década 2012-2021.
- o) Concello que perderon un 20% ou máis de poboación na década 2012-2021

#### **4.- Densidade demográfica municipal.**

Neste índice tense en conta a relación entre a cifra de poboación municipal e a súa superficie, expresada en quilómetros cadrados.

En atención a este criterio a clasificación será:

- i) Concello con densidade igual ou inferior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> .
- j) Concellos con densidade maior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 15 habitantes/km<sup>2</sup>.
- k) Concellos con densidade igual ou maior a 15 habitantes/km<sup>2</sup> e menor a 20 habitantes/km<sup>2</sup>
- l) Concellos con densidade igual ou maior a 20 habitantes/km<sup>2</sup>

#### **5.- Índice de envellecemento.**

Para o cálculo deste índice tense en conta a relación entre a cantidade de persoas adultas maiores e a cantidade de nenos e novos; calcularase o cociente entre persoas de máis de 64 anos –segundo cifras de poboación publicadas polo INE e referidas ao ano 2021<sup>5</sup>-, e as persoas menores de 15 anos , e este cociente será multiplicado por 100 para obter este índice.

Segundo o cal os concellos se clasificarán entre:

- Concellos cuxo índice sexa superior a 750.
- Concellos cuxo índice sexa igual ou superior a 600 e inferior ou igual a 750.
- Concellos cuxo índice sexa inferior a 600.

#### **6.- Taxa de natalidade.**

Esta taxa obterase do cálculo de relacionar o número de nados vivos por cada 1000 habitantes en cada municipio, para o que se tomará a cifra media de nacementos segundo os datos publicados polo IGE e referidos aos anos 2018,2019,2020<sup>6</sup> ,en atención ao que os concellos clasificaranse en :

- Taxa inferior a 2.
- Taxa igual ou superior a 2 e inferior a 3.
- Taxa igual ou superior a 3.

#### **4. CLASIFICACIÓN DOS CONCELLOS: SEN / CON PRIORIDADE DEMOGRÁFICA E GRAO 0 / 1 / 2 / 3.**

<sup>5</sup> Trátase dos últimos definitivos publicados polo INE segmentados por idades e concellos á data de redacción deste documento.

<sup>6</sup> Trátase dos últimos datos definitivos publicados polo IGE neste concepto segmentados por idades e concellos.

Aplicando os criterios indicados nos apartados anteriores, os concellos obterán unha das dúas posibles clasificacións:

### **1. Sen prioridade demográfica**

Serán considerados “concellos sen prioridade demográfica”, aqueles incluídos nunha “área urbana”, en aplicación ao Atlas Estatísticos das Áreas Urbanas de España do Ministerio de Fomento ou que cumpran, algunha das seguintes condicións:

- e) Ter unha poboación maior a 10.000 habitantes.
- f) Ter unha poboación entre 5.000 e 10.000 habitantes e que na última década gañasen poboación.

### **2. Con prioridade demográfica**

Aqueles concellos non clasificados como “sen prioridade demográfica” serán considerados como “con prioridade demográfica”, e, serán os que obteñan a clasificación en GRAO en aplicación aos criterios seguintes:

#### **GRAO 1.**

Serán considerado como GRAO 1 aqueles concellos que cumpran algunha das seguintes condicións:

- e) Poboación igual ou inferior a 5.000 habitantes.
- f) Poboación maior a 5.000 habitantes que presentan perda de poboación na última década.

Cando un concello é clasificado como de “prioridade demográfica”, automaticamente considéraselle en GRAO 1.

Para ser clasificado de Grao 2 ou de Grao 3, terán, ademais de ser considerados “con prioridade demográfica”, ou grao 1, cumprir as condicións do Grao 2, ou do Grao 3.

En todo caso, se un mesmo concello pode ser clasificado en mais dun grao, consideraráselle sempre no grao superior por ser de condicións máis vantaxosas.

#### **GRAO 2.**

Concellos con prioridade demográfica, que ademais cumpre algunha das seguintes realidades:

- q) Concellos de menos de 1.000 habitantes que na última década perdese entre un 15% e un 20% da súa poboación.

- r) Concellos de menos de 1.000 habitantes que teñan unha densidade de poboación superior a 10 habitantes/km<sup>2</sup> e inferior a 15 habitantes/km<sup>2</sup>
- s) Concellos de menos de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750 .
- t) Concellos de menos de 1.000 habitantes cun índice de natalidade inferior a 3.
- u) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que na última década perdesen máis de 15% da súa poboación.
- v) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes que presentan unha densidade de poboación menor de 15h/km<sup>2</sup>
- w) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cunha taxa de envellecemento superior a 750.
- x) Concellos de 1.000 habitantes ou mais de 1.000 habitantes cun índice de natalidade menor a 2.

### **GRAO 3.**

Concellos con prioridade demográfica que, ademais, cumpre algunha das circunstancias seguintes:

- g) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2012-2021 maior ao 20%
- h) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha densidade de poboación menor a 10 h/km<sup>2</sup>.
- i) Concellos de menos de 1.000 habitantes, cunha perda de poboación na década 2012-2021 maior ao 15% e menor do 20% e onde ademais se cumpre algunha das seguintes características:
  - Teñen unha taxa de envellecemento superior a 750 e/ó
  - Teñen unha taxa de natalidade inferior a 2

### **ANEXO III**

**Clasificación dos concellos da provincia de Ourense en función dos criterios da perspectiva do reto demográfico.**

	CONCELLO	CLASIFICACIÓN PRIORIDADE DEMOGRÁFICA
--	----------	--

1	Allariz	sen prioridade
2	Amoeiro	Grao 1
3	Arnoia, A	Grao 2
4	Avión	Grao 2
5	Baltar	Grao 3
6	Bande	Grao 2
7	Baños de Molgas	Grao 2
8	Barbadás	sen prioridade
9	Barco de Valdeorras, O	sen prioridade
10	Beade	Grao 3
11	Beariz	Grao 3
12	Blancos, Os	Grao 3
13	Boborás	Grao 2
14	Bola, A	Grao 2
15	Bolo, O	Grao 3
16	Calvos de Randín	Grao 3
17	Carballeda de Avia	Grao 2
18	Carballeda de Valdeorras	Grao 2
19	Carballiño, O	sen prioridade
20	Cartelle	Grao 2
21	Castrelo de Miño	Grao 2
22	Castrelo do Val	Grao 3
23	Castro Caldelas	Grao 2
24	Celanova	Grao 1
25	Cenlle	Grao 2
26	Chandrexa de Queixa	Grao 3
27	Coles	sen prioridade
28	Cortegada	Grao 2
29	Cualedro	Grao 2
30	Entrimo	Grao 2

31	Esgos	Grao 1
32	Gomesende	Grao 3
33	Gudiña, A	Grao 2
34	Irixo, O	Grao 2
35	Larouco	Grao 3
36	Laza	Grao 2
37	Leiro	Grao 1
38	Lobeira	Grao 3
39	Lobios	Grao 2
40	Maceda	Grao 1
41	Manzaneda	Grao 3
42	Maside	Grao 1
43	Melón	Grao 2
44	Merca, A	Grao 1
45	Mezquita, A	Grao 2
46	Montederramo	Grao 3
47	Monterrei	Grao 2
48	Muíños	Grao 2
49	Nogueira de Ramuín	Grao 1
50	Oímbra	Grao 2
51	Ourense	sen prioridade
52	Paderne de Allariz	Grao 1
53	Padrenda	Grao 2
54	Parada de Sil	Grao 3
55	Pereiro de Aguiar	sen prioridade
56	Peroxa, A	Grao 1
57	Petín	Grao 1
58	Piñor	Grao 1
59	Pobra de Trives, A	Grao 2
60	Pontedeva	Grao 3

61	Porqueira	Grao 3
62	Punxín	Grao 1
63	Quintela de Leirado	Grao 2
64	Rairiz de Veiga	Grao 2
65	Ramirás	Grao 2
66	Ribadavia	Grao 1
67	Riós	Grao 2
68	Rúa, A	Grao 1
69	Rubiá	Grao 2
70	San Amaro	Grao 2
71	San Cibrao das Viñas	sen prioridade
72	San Cristovo de Cea	Grao 2
73	San Xoán de Río	Grao 3
74	Sandiás	Grao 1
75	Sarreaus	Grao 2
76	Taboadela	Grao 1
77	Teixeira, A	Grao 3
78	Toén	Grao 1
79	Trasmiras	Grao 2
80	Veiga, A	Grao 3
81	Verea	Grao 3
82	Verín	sen prioridade
83	Viana do Bolo	Grao 2
84	Vilamarín	Grao 1
85	Vilamartín de Valdeorras	Grao 1
86	Vilar de Barrio	Grao 2
87	Vilar de Santos	Grao 1
88	Vilardevós	Grao 2
89	Vilariño de Conso	Grao 3
90	Xinzo de Limia	Grao 1

91	Xunqueira de Ambía	Grao 2
92	Xunqueira de Espadanedo	Grao 2

**ANEXO IV: contías iniciais SAF básico 2023**

	<b>ENTIDADE LOCAL</b>	<b>2023 CONTÍA TOTAL</b>
1	Allariz	25.846,30
2	Amoeiro	11.811,12
3	Arnoia, A	7.095,45
4	Avión	10.063,96
5	Baltar	7.470,82
6	Bande	16.630,45
7	Baños de Molgas	9.100,90
8	Barbadás	20.211,89
9	Barco de Valdeorras, O	37.383,47
10	Beade	5.431,38
11	Beariz	7.667,21
12	Blancos, Os	6.813,67
13	Boborás	11.831,48
14	Bola, A	7.559,99
15	Bolo, O	7.127,14
16	Calvos de Randín	6.707,92
17	Carballeda de Avia	8.217,14
18	Carballeda de Valdeorras	9.014,03
19	Carballiño, O	38.776,71
20	Cartelle	13.206,21
21	Castrelo de Miño	8.489,07
22	Castrelo do Val	7.697,42
23	Castro Caldelas	13.916,23
24	Celanova	24.346,10

25	Cenlle	7.631,75
26	Chandrexa de Queixa	8.247,57
27	Coles	13.802,29
28	Cortegada	7.507,12
29	Cualedro	9.690,07
30	Entrimo	13.440,36
31	Esgos	7.188,40
32	Gomesende	6.617,28
33	Gudiña, A	14.356,85
34	Irixo, O	8.791,20
35	Larouco	5.612,67
36	Laza	8.115,17
37	Leiro	8.702,87
38	Lobeira	10.776,72
39	Lobios	18.234,30
40	Maceda	13.759,92
41	Manzaneda	11.455,27
42	Maside	13.265,16
43	Melón	7.786,59
44	Merca, A	10.323,09
45	Mezquita, A	12.365,25
46	Montederramo	10.212,73
47	Monterrei	12.945,61
48	Muíños	16.251,51
49	Nogueira de Ramuín	10.806,51
50	Oímbra	9.969,55
51	Ourense	0,00
52	Paderne de Allariz	8.185,46
53	Padrenda	9.742,94
54	Parada de Sil	8.793,93
55	Pereiro de Aguiar	26.435,47

56	Peroxa, A	9.896,32
57	Petín	6.319,75
58	Piñor	7.388,57
59	Pobra de Trives, A	21.256,95
60	Pontedeva	5.854,38
61	Porqueira	7.123,36
62	Punxín	5.658,82
63	Quintela de Leirado	5.818,91
64	Rairiz de Veiga	8.118,95
65	Ramirás	9.191,54
66	Ribadavia	21.902,56
67	Riós	9.010,26
68	Rúa, A	19.032,24
69	Rubiá	8.749,66
70	San Amaro	7.458,02
71	San Cibrao das Viñas	12.403,01
72	San Cristovo de Cea	11.325,39
73	San Xoán de Río	8.450,25
74	Sandiás	7.460,32
75	Sarreaus	7.707,28
76	Taboadela	8.483,82
77	Teixeira, A	6.960,96
78	Toén	7.482,98
79	Trasmiras	8.262,46
80	Veiga, A	7.346,19
81	Verea	7.451,94
82	Verín	38.070,83
83	Viana do Bolo	28.060,10
84	Vilamarín	10.107,81
85	Vilamartín de Valdeorras	9.937,86
86	Vilar de Barrio	8.251,13

87	Vilar de Santos	5.987,40
88	Vilardevós	10.226,36
89	Vilariño de Conso	8.520,75
90	Xinzo de Limia	39.335,96
91	Xunqueira de Ambía	8.659,02
92	Xunqueira de Espadanedo	6.287,23
		<b>1.072.989,00</b>

## ANEXO V

### **Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións**

Don/Dona.....,  
 NIF....., en nome propio, ou en representación da entidade ..... con NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao abeiro do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, **declara responsablemente** ante a Deputación Provincial de Ourense, e para os efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao cobro desta:

**Primeiro:** que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

**Segundo:** que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, **comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención**, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvenciones de Galicia, co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano que concede a subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidera producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

Asdo.:

**2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.**

### **10º.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE COOPERACIÓN BENOURENSE PERSOAL TÉCNICO 2023**

O debate deste punto tivo lugar conxuntamente cos puntos 7º, 8º e 9º.

Non se producen intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

**1º.- Aprobar inicialmente das bases reguladoras do Programa BenOurense Persoal Técnico para o exercicio 2023, co seguinte teor literal:**

#### **I. Bases xerais**

##### **A) Obxecto e alcance do programa:**

Constitúe o obxecto do presente Programa provincial de asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos en materia de servizos sociais comunitarios para o exercicio 2023, denominado Programa BenOurense Persoal Técnico, o establecemento, de xeito integral e detallado, regulando os trámites para a súa total execución, das accións que lle corresponde desenvolver á Deputación Provincial de Ourense en virtude das competencias atribuídas polos artigos 109.1.b) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, 63 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

En consecuencia, e ao abeiro dos preceptos citados, o obxecto do programa cínquese á programación detallada das accións de asistencia técnica, económica e xurídica aos concellos con menos de 20.000 habitantes na execución das súas competencias en materia de servizos sociais comunitarios básicos. Para estes efectos, inclúense tamén as mancomunidades

intermunicipais que xestionen servizos sociais dun conxunto de municipios con menos de 20.000 habitantes, ao tratarse de meras entidades instrumentais dos concellos que exercen competencias delegadas por aqueles.

Tendo en conta o disposto no artigo 31.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, este programa refírese á:

1. Acción 1ª: asistencia económica, co obxecto de garantir o financiamento aos concellos e mancomunidades de menos de 20.000 habitantes para a contratación ou nomeamento de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios con perfís profesionais diferentes e complementarios ao de traballador/a social .
2. Acción 2ª: asistencia técnica e xurídica en materia de servizos sociais, complementaria da asistencia económica. Esta prestación levarase a cabo por persoal da Área de Benestar da Deputación, consistindo na emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase de xeito prioritario ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e rurais de alta dispersión.

Para a concesión destas axudas reservase un crédito, dentro da partida orzamentaria 23111 46200 do orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2023, por importe de 299.511,00 € (douscentos noventa e nove mil cincocentos once euros).

#### **B) Procedemento de adhesión dos concellos e mancomunidades.**

Ao abeiro do establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, no artigo 14.2, a presentación de solicitudes tramitarase exclusivamente mediante o uso de medios electrónicos, sendo obrigatoria que a presentación de solicitudes sexa conforme co previsto nesta base.

Os concellos interesados en participar deberán comunicarlle a súa adhesión á Deputación Provincial, mediante resolución da alcaldía (ou órgano delegado, se é o caso), na que se manifeste expresamente a asunción das obrigas e compromisos previstos no Programa, para o que deberán utilizar obrigatoriamente os modelos facilitados, que deberán asinar dixitalmente o/a alcalde/esa, presidenta/e ou secretaria/o da entidade local e presentarse no Rexistro da Deputación de Ourense.

O modelo normalizado porase a disposición das entidades locais e nel recóllese a certificación da alcaldía/presidencia e unha declaración responsable doutras axudas e subvencións concedidas á entidade local para a mesma finalidade.

O prazo de presentación da adhesión será de 15 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións. Non se admitirá ningunha solicitude de adhesión formulada en data posterior.

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes a Área de Benestar procederá á instrución do expediente e realizará a comprobación da documentación presentada.

A Deputación Provincial poderá conceder un prazo de ata 10 días hábiles para a corrección de deficiencias nas solicitudes de adhesión.

A presentación da solicitude telemática en tempo e forma determinará a adhesión da entidade local, sen necesidade de máis trámites. Sen prexuízo do anterior, e para os efectos de publicidade, as subvencións concedidas e os seus importes declararanse expresamente mediante resolución da Presidencia que será obxecto de publicación no BOP. Nesta mesma resolución da Presidencia denegarase a adhesión a aquelas entidades cuxa solicitude non se axuste ao establecido no presente programa ou no modelo de adhesión, ou teñan declarado o recoñecemento doutra subvención incompatible coa prevista neste Programa.

A adhesión das entidades locais beneficiarias constitúe un requisito de efectividade do Programa, polo que as entidades locais que non se adhiran no prazo sinalado no parágrafo anterior entenderase que renuncian a participar no Programa.

### **C) Réxime xurídico das subvencións de asistencia económica previstas no presente programa.**

De conformidade co establecido na disposición adicional 8ª da Lei xeral de subvencións e no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Ourense, as subvencións de asistencia económica previstas neste programa rexeranse polo establecido nas presentes bases, sendo as normas da Lei xeral de subvencións e da dita ordenanza de aplicación supletoria.

Non obstante o anterior, serán de aplicación as normas xerais das subvencións da Deputación en todo o relativo á xustificación, reintegro, perda do dereito á subvención e control financeiro, no que non contradiga expresamente o establecido nas presentes bases.

### **D) Tramitación das subvencións de asistencia económica. Xustificación e pagamento. Reintegro e perda do dereito ao cobro.**

As subvencións previstas no presente programa entenderanse automaticamente concedidas ás entidades locais adheridas regularmente conforme coa base B), procedéndose á súa xustificación e pagamento nos seguintes termos:

D.1) Pagamento anticipado do 80 % do importe máximo total de subvención previsto: antes do 30 de xullo de 2023, a Deputación Provincial procederá, de oficio, ao libramento, en concepto de anticipo para xustificar, do 80 % do importe total da subvención prevista. O 20% restante aboaráselle unha vez remitida a xustificación final, conforme co previsto nestas bases.

Para o libramento do anticipo da subvención as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

D.2) Xustificación e pagamento da subvención para o financiamento de persoal técnico.

A xustificación realizarase do xeito previsto na base II.3.

D.3) Obrigas de reintegro e perda do dereito a cobro:

A Deputación Provincial poderá declarar a obriga de reintegro ou a perda do dereito ao cobro da subvención, segundo proceda, por calquera das causas previstas na lexislación xeral de subvencións e nas bases do presente programa.

Non obstante o anterior, non será necesaria a tramitación do expediente de reintegro ou de perda do dereito a cobro nos supostos en que o importe dos gastos xustificadas polas entidades locais beneficiarias sexan inferiores ás contías iniciais máximas das subvencións previstas no presente programa. Neste suposto, a cantidade que deberá aboarse reaxustarase automaticamente segundo proceda, compensándose do mesmo xeito co anticipo librado, de ser o caso.

#### **E) Réxime de protección de datos achegados coa solicitude.**

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes baséase no disposto apartado c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación

destes datos, así como non artigo 6.2 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección dos datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ao ser a achega dos datos e informacións esixida nas presentes bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte co indicado nas propias bases.

En consecuencia, a negativa a facilitarlle estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido non artigo 13 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é ou seu presidente, don José Manuel Baltar Blanco, con domicilio para os efectos de notificacións na rúa O Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988 317 600/1 e correo electrónico: [gabinete.presidencia@depourense.es](mailto:gabinete.presidencia@depourense.es).

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial de Ourense, para os efectos do seu contacto ou reclamacións, atópase dispoñible no correo electrónico: [dpd@depourense.es](mailto:dpd@depourense.es).

c) Os datos subministrados coa solicitude destínanse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación segundo se prevé na normativa de aplicación. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial [www.benourense.depourense.es](http://www.benourense.depourense.es)

As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, podendo, a partir dese prazo, ser suprimida de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben a solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento. En todo caso, as solicitudes e o resto de documentación que consta no expediente atoparase a disposición doutros interesados no procedemento para os sos

efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para ou cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración pública concedente (artigo 6.1.c) do Regulamento UE 2016/679) e, no caso dos datos para a acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público perseguida coa presente convocatoria (artigo 6.1.e) do Regulamento UE 2016/679).

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva.

Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais cando así ou reclamen para a formulación de reclamacións ou interposición de recursos contra o acto de adjudicación

- Aos membros da Corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adjudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida en que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que ou soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, tras o expediente previo contraditorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme co disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitarlle en todo momento á Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso. Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido

o prazo de catro anos previsto nas presentes bases. Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos non artigo 21 do Regulamento UE 2016/679.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial. De conformidade co disposto no artigo 20.3 do Regulamento UE 2016/679, non será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.

- i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.
- j) A falta de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.
- k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

#### **F) Control financeiro das subvencións.**

Sen prexuízo das obrigas de xustificación impostas aos beneficiarios, as actuacións de prestación de servizos sociais comunitarios das entidades locais adheridas que constitúen o obxecto das subvencións previstas no presente programa quedarán suxeitas ás actuacións de control financeiro que poida acordar a Intervención da Deputación, ao longo dos exercicios 2023 e 2024. O control financeiro incluírá actuación de supervisión e control das actividades subvencionadas, tanto no relativo á prestación dos servizos como á súa xestión e tramitación administrativa. Os controis serán realizados por persoal da Área de Benestar, baixo a dirección da Intervención provincial, conforme co establecido na Lei xeral de subvencións e, en función dos seus resultados, poderá dar lugar á apertura de expediente de reintegro no suposto en que ao seu través se detectase a concorrencia dalgunha das causas legais de reintegro previstas na lexislación vixente.

O sometemento a control financeiro das entidades adheridas ao programa poderá ter carácter xeral para todas elas ou ben limitarse a unha mostra aleatoria de cando menos dez entidades, que serán determinadas mediante sorteo realizado en acto público, cuxa realización anunciarase coa debida antelación na sede electrónica da Deputación Provincial. O resultado

do sorteo e o inicio das actuacións de control financeiro comunicaranse ás entidades afectadas cunha antelación mínima de quince días naturais respecto da data do inicio das actuacións inspectoras. En todo caso, a Intervención provincial dará conta á Presidencia tanto da decisión de someter a control financeiro o programa como do contido das actuacións realizadas.

**G) Obrigas das entidades locais adheridas:**

Sen prexuízo das obrigas establecidas con carácter específico e de sometemento ao control financeiro previsto nas bases xerais, as entidades adheridas estarán obrigadas a:

- a) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e coa Seguridade Social, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar cada un dos pagos da subvención.
- b) Facilitarlles aos servizos da Deputación Provincial toda a información relativa ao funcionamento dos servizos sociais municipais que se lles demande. A negativa a facilitar esta información, ou a demora inxustificada no seu envío, dará lugar á exclusión da entidade local do presente programa, coa conseguinte perda do dereito a cobro ou reintegro, segundo proceda, das subvencións percibidas ou concedidas ao seu abeiro, a cal será obxecto de declaración pola Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.
- c) A identificar os servizos cofinanciados pola Deputación de Ourense dende o momento en que se publique a resolución de concesión da subvención no Boletín Oficial da Provincia de Ourense. As entidades beneficiarias no momento da xustificación da subvención deberán remitirle á Deputación de Ourense fotografías nas que conste a identificación do servizo/persoal como cofinanciado pola Deputación e que responderá ás normas de información e publicidade que se farán chegar pola Deputación de Ourense para que sexan observadas polas entidades que se adhiran a estes programas. O incumprimento das obrigas de publicidade dará lugar ao reintegro ou perda do dereito ao cobro da subvención, con carácter parcial, e ata un importe do 20 % da subvención concedida, determinándose de conformidade co principio de proporcionalidade e en atención á gravidade do incumprimento comprobado. A declaración da obriga de reintegro ou da perda do dereito ao cobro da subvención realizarase por resolución da Presidencia da Deputación, tras a tramitación previa do oportuno expediente contradictorio con audiencia da entidade interesada.

d) Fomentar a xestión dixitalizada do servizo de SAF a través de ferramentas informáticas que contemplen, como mínimo, entre as súas prestacións, as recollidas no anexo de “prestacións mínimas” destas bases reguladoras, se procede. En todo caso, de non ter dixitalizado a xestión do servizo ou non ter iniciados os trámites para esta dixitalización deberán aportar unha memoria explicativa dos motivos existentes para elo, se procede.

## **II) Bases relativas á acción 1: equipos técnicos municipais de servizos sociais:**

### **II.1 Obxecto:**

En virtude desta actuación, a Deputación Provincial subvencionará a contratación ou nomeamento de persoal que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades sociais que, segundo o previsto no anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, teñan clasificación de Unidades de Traballo e Educación Social (UTES), ou Unidades Interdisciplinares de Intervención Social (UNIS).

A través do presente programa, a Deputación subvencionará exclusivamente a contratación ou nomeamento dos/as profesionais titulados/as que se integren nas unidades de servizos sociais das entidades locais de menos de 20.000 habitantes que non sexan subvencionados pola Xunta de Galicia, conforme co previsto no artigo 47 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo. No caso de adscricións de funcionario/a ou persoal laboral de concellos e/ou mancomunidades terá que estar en situación laboral de alta para poder ser subvencionado con cargo a este programa.

No contrato, ou na decisión formal de adscribir a persoal propio da entidade, deberá reflectirse a titulación do/a profesional (ou profesionais), así como a categoría profesional da persoa que se adscribe/contrata e as funcións que desenvolve dentro da/s unidade/s de servizos sociais. Poderá xustificarse o custo laboral bruto dende o 1 de xaneiro de 2023. En todo caso, para o cobro da cantidade total asignada, terase en conta que o período de contratación pola entidade sexa, cando menos, de 6 meses no exercicio 2023 e en xornada igual ou superior ás 20 horas semanais. No caso de que a duración do contrato fose inferior en tempo ou en xornada laboral realizarase un rateo da subvención aprobada para este concepto.

Os/as profesionais con contrato ou adscrición deberán formar parte do equipo municipal de servizos sociais comunitarios da entidade e desenvolver funcións relacionadas, o cal se documentará cun certificado da persoa titular da secretaría municipal no que conste que o/a profesional desenvolve funcións do ámbito dos servizos sociais municipais.

En concreto, serán beneficiarias de subvención as entidades locais (concellos ou mancomunidades) que se atopen clasificadas nos seguintes supostos conforme co anexo II do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro.

- a) Entidades locais de áreas rurais de máis de 5.000 ata 12.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 10.000 e ata 15.000 habitantes: 1 técnico/a equivalente a un grupo A, subgrupo A2 -diferente ao/á traballador/a social- que complemente os servizos sociais e desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro deste ámbito.
- b) Entidades locais de áreas rurais de máis de 12.000 e menos de 20.000 habitantes e de áreas semiurbanas de máis de 15.000 e ata 20.000 habitantes: 1 técnico/a igual o equivalente a un grupo A, subgrupo A2, – diferente ao/á traballador/a social que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais do concello ou mancomunidade, e un técnico/a igual ou equivalente a un grupo A, subgrupo A1 que desenvolva a totalidade da súa xornada laboral dentro da área de servizos sociais.

## **II.2. Contía da subvención:**

O importe da subvención por profesional será equivalente aos módulos económicos previstos no artigo 47.3 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e a seu financiamento, modificados por Orde do 13 de xullo de 2016 (DOG número 140 do 26 de xullo de 2016)

- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A2 (UTES e UNIS): 16.815,00 euros.
- Por cada técnico/a grupo A, subgrupo A1 (UNIS): 20.229,00 euros.

O cadro de distribución das subvencións por entidades beneficiarias, cos importes correspondentes, figura como anexo I do programa.

No caso das entidades locais, que tendo recoñecida unha asignación económica para o nomeamento/contratación de persoal técnico, non se adhiran ao Programa ou non soliciten a asignación económica para un do/s perfís técnicos subvencionados, este remanente económico repartirase entre o resto das entidades locais beneficiarias, incrementando de xeito lineal os módulos económicos previstos inicialmente.

## **II.3. Xustificación e pagamento:**

- a) Ata o 30 de novembro de 2023 (inclusive), as entidades locais beneficiarias terán que presentar a documentación xustificativa da subvención concedida, asinada dixitalmente e segundo os formularios normalizados que lle indique a Área de Benestar da Deputación. O prazo de presentación da xustificación final terá carácter improrrogable.

A xustificación do programa incluíra os gastos efectuados ata o 31 de outubro de 2023, os gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro do 2023 poderán xustificarse presentando un certificado de gastos comprometidos asinados polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.

Para a xustificación final da subvención as entidades beneficiarias deberán xustificar a contratación/nomeamento do persoal técnico subvencionado durante o exercicio 2023, facendo uso dos seguintes formularios normalizados:

1. Memoria descritiva dos servizos sociais prestados polo persoal técnico.
2. Certificación dos gastos efectuados, desde o 1 de xaneiro ata o 31 de outubro de 2023, asinada pola persoa responsable da intervención/secretaría.
3. No caso de querer xustificar gastos correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2023, presentarán un certificado de gastos comprometidos asinado polo órgano que teña encomendada a intervención da entidade.
4. Memoria descritiva, segundo o modelo facilitado pola Deputación de Ourense de xestión dixitalizada no servizo de SAF Básico, ou, no seu caso, memoria motivacional – segundo modelo normalizado-, explicativa da non existencia desta dixitalización, se procede.
5. Declaración responsable do conxunto de todas as subvencións e axudas percibidas para a mesma finalidade, sexan públicas ou privadas.
6. Mostrás gráficas das medidas de información e publicidade adoptadas pola entidade local, de acordo co establecido na base xeral G).

A recepción da documentación xustificativa equivalerá ao acto administrativo de declaración da xustificación da subvención, procedéndose ao libramento do importe xustificado, que será o equivalente ao 20 % da contía máxima de subvención inicialmente prevista, agás que o contrato ou nomeamento do persoal técnico tivese unha duración inferior, en tempo ou en xornada laboral tal como se recolle na base II.1, en cuxo caso o seu importe ratearase proporcionalmente de xeito automático.

Os gastos estarán referidos única e exclusivamente á anualidade 2023, obxecto desta convocatoria.

As notificacións das resolucións ditadas pola Presidencia correspondentes ao pagamento anticipado e de xustificación e pagamento final serán substituídas pola súa publicación na sede electrónica da Deputación de Ourense.

Para cada libramento da subvención (tanto na fase de anticipo como de xustificación final), as entidades beneficiarias deberán presentar declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiario/a, substituindo esta declaración á presentación de certificacións na acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social por tratarse dun dos supostos previstos na letra e) do artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Esta declaración farase segundo o modelo do anexo II que se pon a disposición pola Deputación de Ourense.

Aquelas entidades que non presenten a xustificación unha vez finalizado o prazo final previsto nestas bases, terán unha penalización equivalente ao 30% da subvención no caso de que finalmente xustifiquen a subvención, ao abeiro do previsto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei xeral de subvencións.

En aplicación ao previsto no artigo 71 do Regulamento da Lei xeral de subvencións, cando se aprecien defectos corrixibles na documentación de xustificación, porase en coñecemento do beneficiarios concedéndoselle un prazo de dez días para a súa corrección.

#### **II.4. Compatibilidades con outras axudas ou subvencións públicas.**

Estas axudas serán incompatibles con calquera outra axuda ou subvención outorgada pola Deputación de Ourense ou por calquera outra administración pública para a mesma finalidade e o mesmo exercicio orzamentario.

#### **III. Bases relativas á acción 2: asistencia técnica e xurídica aos servizos sociais municipais.**

O equipo técnico provincial de servizos sociais integrarase por empregados/as públicos ao servizo da Deputación Provincial, que operarán baixo a dependencia da Área de Benestar e realizarán labores de coordinación e apoio aos equipos municipais e mancomunais, comprendendo a prestación de asesoramento e emisión de informes técnicos e xurídicos en materia de servizos sociais. Este servizo prestarase en función dos medios dispoñibles pola Deputación Provincial en cada momento, e dirixirase prioritariamente ás entidades locais correspondentes a áreas rurais de menos de 5.000 habitantes e áreas rurais de elevada dispersión.

Estas prestacións serán gratuítas para os concellos e mancomunidades, sendo por conta da Deputación todos os custos salariais e de seguridade social do persoal así como as

indemnizacións por desprazamento e manutención, se é o caso. Non obstante, a prestación do servizo non implicará necesariamente o desprazamento do persoal provincial á entidade local, agás cando sexa estritamente necesario.

As prestacións de asistencia técnica planificaranse de oficio dende a Deputación Provincial en atención ás demandas e necesidades formuladas polos concellos e mancomunidades.

### Anexo I

Entidade local prestadora SSCM	Unidade técnica	Área	Grupo A subg. A2	Módulo económico	Grupo A subg. A1	Módulo económico	Total entidade
Allariz	UTES	Rural 28	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barbadás	UTES	Semiurb. 9	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Barco de Valdeorras, O	UNIS	Rural 31	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Carballiño, O	UNIS	Rural 25	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Mancomunidade de Verín	UTES	Rural 30	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Carballiño	UTES	Rural 25	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade do Ribeiro	UTES	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Santa Águeda	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Mancomunidade Terras de Celanova	UNIS	Rural 27	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Pereiro de Aguiar, O	UTES	Rural 24	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Ribadavia	UTES	Rural 26	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €
Verín	UNIS	Rural 30	1,0	16.815,00 €	1,0	20.229,00 €	37.044,00 €
Xinzo de Limia	UTES	Rural 29	1,0	16.815,00 €			16.815,00 €

### Anexo II

Declaración responsable de non estar incurso en prohibicións para obter a condición de beneficiario de subvencións e de estar ao corrente das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social e no pago de obrigacións por reintegro de subvencións

D./D.<sup>a</sup>....., NIF....., en nome  
propio, ou en representación da entidade  
....., NIF.....,

En virtude do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e considerando os apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como as bases reguladoras da presente convocatoria de subvencións que establecen un réxime simplificado de acreditación destas circunstancias ao amparo do disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, declara responsablemente ante a Deputación Provincial de Ourense, e para efectos de acreditar o cumprimento dos requisitos esixidos para ser beneficiaria da subvención solicitada e posteriormente proceder ao seu cobro,

Primeiro: que non se atopa incurso en ningún dos supostos establecidos no artigo 13, apartados 2 e 3, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Segundo: que se atopa ao corrente no pago das obrigacións tributarias e coa Seguridade Social, así como no pago das obrigacións por reintegro de subvencións, comprometéndose a manter o cumprimento das anteriores obrigacións durante o período de tempo inherente ao recoñecemento ou exercicio do dereito ao cobro da subvención, de acordo co disposto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e co artigo 69.1 da Lei 39/2015, así como a acreditalo en calquera momento no que lle sexa requirido polo órgano concedente da subvención.

Manifesto que quedo informado da obrigación de comunicarlle á Deputación Provincial de Ourense calquera variación que puidese producirse no sucesivo respecto ao anteriormente manifestado, e para que así conste, asina a presente declaración.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**2º.- Someter a trámite de información pública, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Ourense, as bases inicialmente aprobadas polo prazo de 10 días hábiles, conforme co establecido no artigo 10 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Ourense, durante os cales as entidades interesadas poderán formular as alegacións ou suxestións que consideren oportunas, que serán resoltas expresamente polo Pleno. No caso de non formularse alegacións en prazo, entenderase elevado a definitivo o acordo de aprobación provisional.**

## 11º.- MODIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ASISTENCIA A MUNICIPIOS EN MATERIA DE SERVIZOS DO CICLO HIDRÁULICO DO ANO 2023

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que desde o BNG se vai apoiar este punto e que estamos diante dun programa moi importante para os concellos, pedindo novamente como se fixo en comisión, que se estude a posibilidade de estender o programa ás entidades privadas que xestionan a auga, as denominadas comunidades de usuarios con forte implicación na nosa provincia.

- 1ª intervención Aurentino Alonso (grupo do PS de G-PSOE): igualmente manifesta que se vai apoiar esta iniciativa e engade que desde a Deputación se podía ampliar o asesoramento cos concellos e coas comunidades de usuarios ante a nova normativa de aplicación.

- 1ª intervención Plácido Álvarez (grupo do PP): toma a palabra para facer un breve resumo das novas esixencias que para os concellos supón a recente aprobación do RD 3/2003, engadindo que as modificacións deste programa tratan de cumprir con todas as esixencias desta nova normativa, en beneficio dos concellos que se adhiran. Resume brevemente en que consisten estas novas esixencias e as novas accións que se crean no programa de cooperación así como as que se ven modificadas. Remata indicando que se trata dun programa de cooperación moi completo e beneficioso para os concellos da nosa provincia.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación do programa de asistencia a municipios en materia de servizos do ciclo hidráulico do ano 2023, no seguinte sentido:

A. Modificar o custo da **acción A1 Análise completa** debido o aumento de parámetros a analizar pasaría a ser de 809,25 € sen IVE.

B. Proceder á inclusión de novas accións de cooperación no actual programa de asistencia ás entidades locais da provincia para a xestión dos servizos do ciclo da auga debido o cambio de normativa producido polo RD 3/2023:

**A42 Análise caracterización auga:** determinación da dureza total da auga mediante a análise do calcio, potasio e magnesio, segundo métodos acreditados pola ISO 17025. Prezo unitario 22,10 € sen IVE.

- **A43 Análise de colífagos sómáticos:** prezo unitario 25,38 € sen IVE.
- **A44 Análise de praguicidas:** prezo unitario 146,28 € sen IVE.
- **A45 Análise de cloruro de vinilo:** prezo unitario 48,00 € sen IVE.
- **A46 Análise bisfenol A:** prezo unitario 48,00 € sen IVE.
- **A47 Análise contaminantes lista de observación:** prezo unitario 148,40 € sen IVE

C. Proceder a división da acción **A36 Xestión de SINAC** e programación anual en dúas seccións:

- **A36a Xestión de SINAC e programación anual:** realización do calendario analítico anual así como a supervisión, asesoramento e carga de boletíns analíticos de Aquaourense na plataforma SINAC co mesmo custo que ata o de agora 183 €/ano sen IVE.
- **A36b Xestión de SINAC plataforma dixital:** realización do calendario analítico anual así como a supervisión, asesoramento e carga de boletíns analíticos de Aquaourense na plataforma SINAC, incluíndo a plataforma e a ferramenta para introducir os datos diarios para dar cumprimento ao RD 3/2023, cun custo de 489,99 €/ano sen IVE.

D. Proceder á eliminación da acción A34. Seguimento do protocolo de autocontrol e xestión do abastecemento de auga de consumo (PAX) e substituíla pola nova acción de planes sanitarios da auga, quedando redactada:

- **A34 Realización do Plan Sanitario da Auga (PSA) e seguimento:** realización do Plan Sanitario da Auga (PSA) nas zonas de abastecemento de xestión municipal, segundo o indicado pola autoridade sanitaria en conformidade co RD 3/2023, implantación do mesmo e seguimento durante tres anos, cun custo anual de 2.834,32 €/ano sen IVE.

E. Dentro do **Programa de asistencia a entidades locais para a xestión de servizos municipais do ciclo da auga para o exercicio 2023**, aparecen 18 referencias o RD 140/2003 que como se indica nos antecedentes queda derogado pola nova normativa, polo que as referencias sinaladas deben ser todas actualizadas co RD 3/2023, é o caso das accións A2, A3, A4 A5, A6, A7, A8, A9, A10, A11; A12 A13, A19 e A20 que seguen tendo o mesmo contido pero xa non se poden referenciar ao Real decreto derogado.

2º.- Someter a información pública, por prazo de dez días hábiles, o presente acordo de aprobación inicial, mediante anuncio na sede electrónica da Deputación Provincial e no Boletín Oficial da Provincia. As reclamacións ou alegacións que se formulen no dito prazo serán resoltas polo Pleno da Corporación. No caso de non formularse alegacións, o acordo de aprobación inicial entenderase automaticamente elevado a definitivo, procedéndose á publicación íntegra do Programa no BOP.

### **12º.- APROBACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE HOMES E MULLERES DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): fai uso da palabra para darlle os parabéns á deputada Luz Doporto e a todos os membros da comisión de igualdade da Deputación que traballaron para sacar adiante este segundo Plan de Igualdade da Deputación.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que estamos ante un elemento técnico necesario, e que o realmente importante é a súa implementación. No que respecta aos obxectivos do documento que se trae a pleno, sinala que están de acordo con eles, se ben lle chama a atención o punto relativo a que na parte de conclusións se sinala que o 74% das persoas que cubriron a enquisa ao respecto de se se producen no entorno laboral comentarios burlóns ou irónicos admitidos con normalidade en relación ao aspecto físico, vestimenta ou tendencia sexual, a maioría indicou que non, pero se observamos, dos que dixeron que si, o 75 % foron mulleres, polo que indica que aí debemos facer unha profunda reflexión por ter normalizados certos comentarios que afectan ás mulleres.

- 1ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): intervén para manifestar que o segundo plan de igualdade desta Deputación, constata xa unha clarísima desvantaxe das mulleres, cando vemos a porcentaxe que supoñen respecto do total de empregados públicos desta Deputación. Entrando xa no contido do plan que se somete a aprobación, indica que hai un claro desequilibrio nas áreas de infraestruturas e medio ambiente, con só 14 e 10 mulleres, fronte aos 290 e 158 homes, respectivamente, un dato que nos debe facer reflexionar sobre profesións que seguen a estar moi masculinizadas. Na avaliación do anterior plan quere destacar unha observación que di que “sería interesante que as persoas responsables dos

procesos de selección contasen con formación para implementar as distintas fases sen discriminación, especialmente naquelas convocatorias que requiren de entrevista para acceder ao posto de traballo”, polo que queda en evidencia a ausencia do principio de igualdade de trato e non discriminación da promoción interna. Sobre a formación en materia de igualdade, sinala que a porcentaxe de asistentes é mínimo, e que se fai moi necesario o seu incremento. Igualmente sinala que nos datos relativos ás excedencias por coidado de fillos, a porcentaxe de mulleres é moito maior que a de homes, o que repercute negativamente na fenda salarial. No que respecta á conciliación vemos que nos permisos tamén é moito maior a porcentaxe de mulleres que os solicitan. Engade que debería reforzarse a información ás persoas traballadoras sobre o protocolo de prevención de violencia de xénero provincial descoñecido para unha gran parte das persoas traballadoras, e que outro dato interesante que se extrae da diagnose é a ausencia de formación en materia de emprego de linguaxe non sexista. Seguindo coa diagnose, destaca que un dos problemas que se detecta é o descoñecemento sobre que é un plan de igualdade ou sobre o primeiro plan de igualdade provincial da Deputación. Destaca igualmente a importancia de formar á clase política para a toma de decisións con perspectiva de igualdade e non discriminación. Para rematar sinala que están de acordo cos obxectivos previstos no plan, se ben estes son pouco ambiciosos, e que o realmente importante é a súa aplicación e implementación polo goberno provincial, para conseguir unha igualdade real e efectiva.

- 1ª intervención Luz Doporto (grupo do PP): comeza a súa intervención remitíndose ás principais liñas do plan de igualdade, insistindo en que se trata dun documento técnico, e que o labor máis importante agora é a súa difusión e interiorización por parte das persoas empregadas públicas desta Deputación. Insiste en que as áreas da Deputación máis masculinizadas son precisamente as que acollen un maior número de persoas traballadoras, medio ambiente e infraestruturas, e que esta situación dáse non só nesta Deputación senón no resto das EELL e de AAPP. A pesar diso a Deputación fará un esforzo por fomentar a participación das mulleres nos procedementos selectivos de acceso a este tipo de postos de traballo. Para rematar quere destacar o traballo do comité de seguimento do plan de igualdade, agradecendo o traballo dos seus integrantes e das organizacións sindicais que participan neste, insistindo en que o goberno provincial porá o seu empeño na súa implementación.

- 2ª intervención Elvira Lama (grupo do PS de G-PSOE): toma a palabra para apuntar que, sobre o acceso aos postos de traballo desta Deputación, todos sabemos historicamente como

se accedía e cales eran os principios de acceso, e que non eran precisamente os de mérito, capacidade ou igualdade. Por outra parte engade que debemos reclamar que ás mulleres lles correspondan o 100 % dos dereitos, e que a loita pola igualdade debe ser un elemento transversal en todas as políticas públicas, e que incluso as medidas legislativas deben ter ese obxectivo de conseguir a igualdade plena, real e efectiva entre homes e mulleres, pondo como exemplo a modificación da lexislación electoral que obriga á paridade nas listas electorais.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 12º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 12º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o II Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da Deputación Provincial de Ourense, conforme co texto que figura no expediente núm. 2023/4495S, co CSV 146176746443140113565.

2º.- Ordenar a súa publicación na sede electrónica da Deputación e que se proceda ao seu rexistro e depósito segundo o artigo 11 do Real decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

### **13º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLA PREDILECTA DA PROVINCIA DE OURENSE A TÍTULO PÓSTUMO Á DOUTORA ANTONIA FERRÍN MOREIRAS.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para manifestar o seu voto favorable e agradecer a rápida toma en consideración da moción do BNG para o outorgamento deste título honorífico.

- 1ª intervención Susana Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): manifesta o apoio do grupo socialista e esta proposta.

- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): intervén para manifestar que o grupo do PP apoiará esta iniciativa como non pode ser doutro xeito.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 13º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 13º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente para outorgamento do título honorífico de Filla Predilecta da Provincia de Ourense a título póstumo á doutora Antonia Ferrín Moreiras, mediante a seguinte providencia do 3 de marzo de 2023:

*“O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria realizada o día 24 de febreiro de 2023, acordou incoar expediente de honra á doutora Antonia Ferrín Moreiras e nomeala Filla Predilecta da provincia de Ourense a título póstumo neste ano 2023.*

*Antonia Ferrín Moreiras, nada no Carballiño en 1914 e falecida en Santiago de Compostela en 2009, a que foi primeira muller en ler unha tese doutoral sobre astronomía no Estado español, no 1963, tamén a primeira tese que foi defendida sobre a materia na facultade de matemáticas da USC, onde se licenciara e fixera ó tempo a carreira de Maxisterio. Licenciada en Químicas e Farmacia, chegou a ser depurada como mestra no 37, polo réxime franquista. Como primeira astrónoma titulada no Estado e discípula avantaxada de D. Ramón María Aller, os seus principais traballos foron sobre ocultacións estelares, medidas de estrelas dobres e determinación de pasos por dúas verticais. Foi polo tanto profesora na USC, catedrática numeraria de matemáticas na Escola de Maxisterio Santa María de Madrid, ademais de estudante, investigadora, mestra e sobre todo muller nun entorno social onde as mulleres o tiñan aínda moito mais complicado ca hoxe. Mesmo a día de hoxe a Universidade de Vigo concede un premio á igualdade de xénero co seu nome.*

*De conformidade co artigo 10 do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación Provincial de Ourense, o órgano competente para ordenar a instrución do expediente será a Presidencia. Sen prexuízo disto, considérase oportuno solicitar o parecer do Pleno da Corporación en canto a ratificar a decisión de iniciar a instrución do expediente.*

*Polo exposto, **DISPOÑO:***

*1º.- Incoar o expediente para o outorgamento do título honorífico a título póstumo de Filla Predilecta da Provincia de Ourense á doutora Antonia Ferrín Moreiras.*

2º.- *Designar á deputada provincial dona Ana Patricia Torres Madureira como instrutora do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. A deputada instrutora actuará asistida polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.*

3º.- *Solicitarlle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.*

#### **14º.- RATIFICACIÓN DA DECISIÓN DE INICIAR O EXPEDIENTE PARA O OUTORGAMENTO DO TÍTULO HONORÍFICO DE FILLA PREDILECTA DA PROVINCIA DE OURENSE Á DOUTORA MARÍA CRESPO LEIRO.**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rosario Rodríguez (grupo do PS de G-PSOE): toma a palabra para sinalar que o grupo socialista votará a favor desta proposta de concesión de título honorífico. Dálle as grazas á doutora María Crespo Leiro pola súa dedicación, calidades humanas e entrega a todos nós, pacientes potenciais. A continuación dálle a en hora boa por este título merecido e polo seu compromiso coa sanidade pública.

- 1ª intervención Ana Patricia Torres (grupo do PP): manifesta que o grupo popular votará a favor deste proposta da Presidencia provincial.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Ratificar a decisión da Presidencia do inicio do expediente para outorgamento do título honorífico de Filla Predilecta da Provincia de Ourense á doutora María Crespo Leiro Moreiras, mediante a seguinte providencia do 3 de marzo de 2023:

*“O Pleno da Corporación Provincial, na sesión ordinaria realizada o día 24 de febreiro de 2023, acordou incoar expediente de honra á doutora Matria Crespo Leiro e outorgarlle o título de Filla Predilecta da provincia de Ourense neste ano 2023.*

*María Crespo Leiro, nada en Cea en 1961. Referente mundial no ámbito da insuficiencia cardíaca e os transplantes de corazón. Licenciada en Medicina pola Universidade de Santiago de Compostela e doutorada pola Autónoma de Madrid, xefa do servizo de insuficiencia cardíaca do Hospital Universitario da Coruña, coordina o grupo de investigación de IC avanzada y TC del instituto de Investigación Biomédica da Coruña (INIBIC), así mesmo é xefa de grupo no CHUAC do Centro de Investigación Biomédica en Red Cardiovascular (CIBERCV) do Instituto da Saúde Carlos III. Leva publicados máis de 250 artigos e foi mestra en distintas Facultades de Medicina. Recoñecida en diferentes ámbitos internacionais e asociacións de cardioloxía, foi coordinadora do Rexistro Europeo de Insuficiencia Cardíaca ata o ano 2016, a doutora Crespo Presidiu a sección de Insuficiencia Cardíaca e Transplante Cardíaco da Sociedade Española de Cardioloxía entre o 2003 e o 2006, foi recoñecida pola Xunta de Galiza coa medalla Castelao e nomeada filla predilecta do seu concello de nacemento.*

*De conformidade co artigo 10 do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación Provincial de Ourense, o órgano competente para ordenar a instrución do expediente será a Presidencia. Sen prexuízo disto, considérase oportuno solicitar o parecer do Pleno da Corporación en canto a ratificar a decisión de iniciar a instrución do expediente.*

*Polo exposto, **DISPOÑO:***

*1º.- Incoar o expediente para o outorgamento do título honorífico de Filla Predilecta da Provincia de Ourense á doutora María Crespo Leiro.*

*2º.- Designar á deputada provincial dona Ana Patricia Torres Madureira como instrutora do expediente, conforme co que dispón o capítulo III do Regulamento de Honores e Distincións da Deputación de Ourense. A deputada instrutora actuará asistida polo asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, que actuará como secretario do expediente.*

*3º.- Solicitalle á Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade que ditamine favorablemente a ratificación, por parte do Pleno da Deputación Provincial de Ourense, da decisión de iniciar o dito expediente”.*

**15º.- EXPEDIENTE PARA A CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE A ANTONIO CARREÑO GONZÁLEZ.**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao instrutor do expediente.

D. César Manuel Fernández Gil (Grupo Popular), instrutor do expediente, dá lectura ao expediente de honra, co seguinte contido:

“O que subscribe, nomeado instrutor das dilixencias, segundo sinala o Regulamento de honores e distincións da Deputación Provincial de Ourense, co obxecto de conceder honras a favor do insigne filólogo e investigador don Antonio Carreño González, informa o seguinte:

Que por providencia do presidente da Deputación, don Manuel Baltar, de data 3 de novembro de 2022, se dispuxo que se levara a trámite o expediente de honra para a concesión honorífica da MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE, como homenaxe desta, ao destacado filólogo e investigador don Antonio Carreño González. Conforme co capítulo III do Regulamento de honores e distincións desta Deputación, nomeouse instrutor do expediente ao deputado provincial e vicepresidente segundo don César Manuel Fernández Gil e, secretario deste, ao asesor de presidencia don Aurelio Gómez Villar, para indagar en cantos méritos concorren nesta persoa, tanto nos aspectos vitais, no seu compromiso con Ourense e tamén na súa destacada implicación social.

Publicouse o oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no xornal local La Región, así como na páxina web da Deputación Provincial, para recoller o testemuño dos veciños, entidades, concellos ou asociacións, coa finalidade de incorporalos ao expediente e así referendar os méritos deste intelectual tan comprometido coa nosa provincia.

Recibidos numerosos escritos de adhesión, de institucións, asociacións ou particulares, entre elas do Concello de Parada do Sil e do Parlamento da Xunta de Galicia, a tan xusta proposta do presidente da Deputación de Ourense, correspóndelle agora á Corporación Provincial en sesión plenaria honrar a memoria dun home tan querido e admirado, para a imperecedeira constancia e a transmisión ás futuras xeracións.

#### **DECLÁRANSE ASÍ FEITOS PROBADOS:**

Algunhas persoas desenvolven a súa vida estritamente ligadas a este territorio que os veu nacer, e a súa actividade transcende fondamente aos seus límites da provincia, contribuíndo a fomentar o coñecemento desta poboación a niveis insospitados. Este é o caso do intelectual Antonio Carreño González.

Carreño González naceu na aldea de Sardela no concello ourensán de Parada do Sil en 1939 nunha etapa moi marcada en Galicia pola emigración, feito que sempre tivo presente na súa obra literaria, -ao fin e ao cabo, Carreño tamén foi un emigrante- reflectindo nela a sensación que lle producían as aldeas e as casas baleiras da súa terra. Fixo os seus primeiros estudos en León e Granada ou Tenerife, obtendo en 1963 o título de mestre na Escola de Maxisterio de Ourense. Exerceu como mestre rural en distintas escolas unitarias da provincia de Ourense,

asignado as campañas de alfabetización de adultos, o que o levou a afondar máis nas vivencias rurais tan íntimas entre o labrego, a súa casa, a terra, a familia, os mortos...

O seu carácter inquedo e a súa admiración por Estados Unidos levouno a facer una visita turística a este país, e fascinado polo potencial literario que alí descubriu, xunto co seu carácter de estudoso decidiu iniciar unha nova etapa neste país.

En 1970 obtivo un Máster no prestixioso Trinity College de Harford (Connecticut), un dos máis prestixiosos “liberal arts colleges” da Costa Este estadounidense. De alí pasou a Yale University –que naquela época dispuña dun dos mellores departamentos de literatura hispánica do mundo- onde obtivo un novo Máster en 1973 e o doutorado en 1975. Esta experiencia formativa en Trinity, e sobre todo en Yale, foron decisivos na vida de Antonio Carreño proporcionándolle unha sólida base en historia da literatura hispanoamericana e un profundo coñecemento da crítica literaria contemporánea que posteriormente foi frutificando nos seus posteriores traballos. Cos seus traballos, a súa intelixencia e amabilidade pronto conseguiu destacar entre o alumnado de Yale onde Carreño inicia a súa experiencia como docente universitario, para posteriormente ocupar un posto como Assistant Professor, entre 1975 e 1977, na prestixiosa Universidad de Columbia (Nova York).

O prestixio de Carreño ía en aumento, en parte pola rigorosidade dos seus traballos que se reflectían en numerosos artigos na súa etapa de Columbia que lle serviu de trampolín para acadar, en 1977, o seu primeiro posto fixo, na Universidade de Illinois en Urban-Champaign, onde pasou unha importante parte da súa vida profesional, conxugando o labor educador co seu cada vez máis intenso labor investigador, en parte grazas á completísima biblioteca desta universidade e ao estímulo dos seus colegas, o que o levou a liderar intelectualmente o departamento. O intenso e rigoroso traballo desenvolvido nestes anos empezaba a dar o seu froito e o recoñecemento profesional enfocado a unha intensa faceta creativa na que destacou o libro *El romancero lírico de Lope de Vega*, publicado pola Editorial Gredos, que foi o seu primeiro éxito profesional ao ser considerada a mellor análise do romanceiro *lopesco* que existe, no que xunta un impresionante estudo das fontes, recepcións e edicións, con reflexións críticas acerca da relación entre a vida e a literatura.

A este libro séguenlle outros non menos destacados como *La dialéctica de la identidad* ou a edición de *Romances* de Góngora, que acabou converténdose na edición de referencia para todos os gongoristas ou *Poesía selecta* de Lope. Co paso do tempo Carreño vai conseguindo o recoñecemento unánime que o considera o máis brillante *siglodeourista* da súa xeración e chama a atención da poderosa Brown University en Providence (Rhode Island), non podendo resistir incorporarse en 1985 a unha universidade onde destacaron brillantes *lopidistas*. A coincidencia alí con outros hispanistas de prestixio conformaron o mellor departamento de español nunha época brillantísima desta universidade. Esta etapa de gran estímulo intelectual serviu para que Antonio Carreño alcanzara consagrarse como o maior experto mundial na poesía de Lope de Vega, que afianzou coas súas seguintes edicións críticas de *Rimas humanas y otros versos*, *Rimas de Tomé de Burguillos*, *Rimas sacras*, el *Laurel de Apolo* ou

os volumes da *Poesía completa*, sen esquecer as edicións sobre a prosa e o drama de Lope con *El castigo sin venganza*, *El perro del hortelano*, *los Pastores de Belén* o las *Novelas a Marcia Leonarda*.

Este labor de investigación, sen precedentes, obedece á ética profesional demostrada por Carreño que sostén que o hispanista ten o deber moral de fixar, difundir e explicar estes textos con edicións críticas consciente do déficit que ten a literatura española que aínda ten un gran numero de brillantes textos que non teñen edicións científicas. Estas edicións críticas anotadas de Carreño son o mellor medio para logralo, pois combinan unha faceta interpretativa con outra científica e de influencia nos estudantes de literatura. Carreño considera que debe prestar servizo á hora de educar aos futuros hispanistas para que perpetúen o seu labor á hora de estudar o xenio de Lope de Vega, a quen dedicou gran parte da súa vida profesional mediante a interpretación e a edición de gran parte da súa obra.

O seu labor docente afianzouse por decisión persoal na Brown University, descartando as ofertas doutras poderosas universidades, e nela permaneceu vinte anos acumulando numerosos honores, becas e premios, ao mesmo tempo que tiña presenza en programas doutras universidades como na de Massachussets, Middlebury, Santiago de Compostela, Valencia ou Mar de Plata.

A pesar da súa intensa vida profesional en Estados Unidos, Antonio Carreño, nunca deixou de visitar Galicia, Ourense e o seu pobo natal de Parada do Sil. E non so iso, tamén dende a súa posición privilexiada propiciou cantos eventos culturais se lle formularon dende Galicia, para falar da cultura galega, como foi a participación en congresos en Florida, Santiago de Compostela, na Universidade de Maine, na propia Brown University, onde foi o artífice dun convenio de intercambio de profesores e alumnos entre as universidades de Santiago de Compostela ou Brown, ou o congreso da Asociación Internacional de Estudos Galegos, realizado en Brown con Carreño como presidente da asociación e organizador, que contou coa presenza da representación do goberno galego e de destacados membros do Consello da Cultura Galega. Tamén foi vicepresidente da Asociación Internacional de Hispanistas e secretario da Modern Languages Association.

Na súa intensa faceta de investigador e escritos é autor de traballos sobre Rosalía de Castro ou Eduardo Blanco-Amor. Ten escrito os libros *Crónicas dun mestre rural. De Bostos a la Ribeira Sacra* ou *Crónicas desde la Ribeira Sacra. Entre dos mundos*, editado no ano 2010 pola Deputación de Ourense e que recompila os mellores artigos que durante unha década publicou no xornal La Región, nos que se aprecia o cariño á súa terra de orixe e a proximidade ás impresionantes paisaxes da Ribeira Sacra, a vida dos paisanos da zona e a melancolía da vida rural.

Tal como queda reflectido o recoñecemento e prestixio de Antonio Carreño tamén foi merecedor de múltiples distincións e homenaxes, tal como sucede coa distinción da Encomenda da Reina Isabel la Católica que lle outorgou o Rei de España, o Premio Ramón

Menéndez Vidal da Real Academia Española ou cabaleiro da Orde da Vieira. Dende 2018 tamén dispón do recoñecemento dos seus veciños co nomeamento de Fillo Predilecto e Medalla de Ouro do concello de Parada de Sil.

Dende 2006, xubilado de Brow, e residente en Madrid onde segue traballando e preparando libros, edicións ou artigos selectos que engrandecen ao hispanismo, ao mesmo tempo que viaxa coa súa muller Lilia cantas veces pode a Parada de Sil, para seguir en contacto coa súa terra e así contribuír a engrandecer culturalmente esta provincia e seguir gozando dos aires da aldea, ou do discorrer do río Sil.

### **CONSIDERANDO POIS:**

Que as meritorias circunstancias persoais e profesionais que concorren no filólogo e investigador don Antonio Carreño, recollidas nos informes e manifestacións recibidas nas adhesións achegadas á Deputación de Ourense, e, neste caso, como instrutor deste expediente, considero que son determinantes para avaliar as grandes calidades que honran a este persoeiro, e é de obrigado deber desta Deputación promover a exaltación dos seus fillos ilustres que dedicaron a súa vida e as súas actividades a prol do noso desenvolvemento social ou económico.

Que sentado este principio básico, este instrutor ten a obriga de investir de eficacia xurídica o desexo desta institución, fiel representante da nosa provincia, conferíndolle a don Antonio Carreño as honras previstas no noso Regulamento.

Polo exposto anteriormente, e vistos os artigos do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, o instrutor ten a honra de formularlle á Corporación Provincial a seguinte,

### **PROPOSTA:**

Como homenaxe da provincia de Ourense ao destacado filólogo e investigador don ANTONIO CARREÑO GÓNZALEZ, de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, outorgarlle a distinción de MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE, como homenaxe e recoñecemento do pobo de Ourense a toda unha vida dedicada á docencia, á incansable e rigorosa investigación e xunto coa súa superación persoal que o levou dende Parada de Sil a ser considerado o máis alto especialista mundial na figura de Lope de Vega.

Elevarlle a presente proposta ao Pleno da Corporación Provincial, para a súa aprobación, se procede”.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): toma a palabra para amosar o respaldo do BNG a esta iniciativa e este nomeamento.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): intervén para indicar que á parte dos méritos recollidos na proposta do instrutor do expediente, hai que destacar a humildade e o sentido do humor de Antonio Careño.

- 1ª intervención Álvaro Vila (grupo do PS de G-PSOE): sinala que o grupo socialista apoiará esta proposta de nomeamento máis que merecido.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 15º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 15º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Migue A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

Outorgarlle a distinción de MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA DE OURENSE ao destacado filólogo e investigador don Antonio Carreño González, como homenaxe e recoñecemento do pobo de Ourense a toda unha vida dedicada á docencia, á incansable e rigorosa investigación e xunto coa súa superación persoal que o levou dende Parada de Sil a ser considerado o máis alto especialista mundial na figura de Lope de Vega. Todo isto de conformidade cos artigos 1, 7, 9, 10 e 11 do Regulamento de honores e distincións da Deputación de Ourense, e consonte coa proposta formulada polo instrutor do expediente.

### **16º.- MOCIÓN DO BNG PARA A DOTACIÓN DE FONDOS DA XUNTA DE GALIZA EN RELACIÓN COAS AXUDAS Á PRODUCCIÓN ECOLÓXICA.**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): procede a dar lectura á moción do seu grupo na que sinala que a Política Agraria Común da Unión Europea pivota entorno a medidas de sostibilidade e a prol de melloras medioambientais e de loita contra o cambio climático. Dentro destas medidas, o Pacto Verde ten como obxectivo acadar para a produción ecolóxica un 25% da Superficie Agraria Útil (SAU) dos 27 estados membros da UE para o 2030, para o que se fai fundamental que a PAC sexa un instrumento activo que dote de recursos ás explotacións, para que poidan manterse na produción ecolóxica ou realizar a conversión dende as producións convencionais. Dentro deste contexto a Xunta de Galiza dende a Consellería do Medio Rural promocionou activamente o paso das producións convencionais a ecolóxicas ata o punto de abrir unha convocatoria durante este ano 2022, con un abondoso éxito, que permitiu incrementar as hectáreas en ecolóxico existentes nunhas

12.000 máis, polo que se necesitaría unha dotación orzamentaria próxima aos 5,6M€, para cubrir a totalidade das solicitudes que cumprían cós requisitos establecidos pola propia Consellería. A orde de axudas establecía unha priorización de 2 puntos para as explotacións de montaña e de 1 punto para as situadas en Rede Natura. Estes criterios de concorrencia competitiva deixan fóra, de por si, a unha boa parte das pequenas granxas de leite e de pequenos produtores de horta e de carne de vacún, pero tamén a producións de ovino ou cabrún en ecolóxico, a falta de orzamento fará o resto, por isto se fai incomprendible que a Consellería de Medio Rural non poña os recursos económicos suficientes para dar satisfacción ás necesidades do sector. O agro galego adoce dunha falta de planificación que aborde modificacións estruturais profundas, que lle permitan facer fronte ás circunstancias actuais de suba de prezos, escaseza de insumos, debilidade dos circuitos de comercialización con pagos por baixo dos custes de produción, etc. Polo que o éxito da convocatoria era previsible, dado que estas axudas á produción ecolóxica poderían supor unha garantía para a supervivencia das granxas. E defecto o CRAEGA xa adiantara estes datos o FOGGA dependente da Xunta, lastimeiramente seica estes datos non foron trasladados internamente á Dirección xeral de Gandería da propia Xunta. Polo que a situación se torna máis grave aínda e denota unha falta de visión sobre as consecuencias de deixar fóra das axudas ó 43% das hectáreas solicitantes, que doadamente poden supoñer o abandono das producións ecolóxicas, ou incluso tamén da produción convencional pola falta de recoñecemento económico no esforzo feito e pola situación de debilidade económica na que quedan estas explotacións. Vexamos por que a ausencia de axudas á produción ecolóxica pode supoñer un risco de peche para as granxas, en relación co esforzo feito polas persoas solicitantes de nova incorporación, ademais das cuestións xa mencionadas: -Renuncia ás axudas agroambientais que viñan cobrando en convencional por seren incompatibles coas de ecolóxico. Polo tanto non recuperables. -Gastos en pago a entidades de asesoramento que van desde 1.200 a 1.400 euros. -Cotas de inscrición no CRAEGA que supoñen uns 450 euros. -Corrección de incidencias para poder estar en ecolóxico que poden ir dende os 1000 € ata moitos miles máis. -No caso de querer manterse neste tipo de produción, as perdas das axudas correspondentes a este primeiro ano de conversión déixaos en inferioridade de condicións con outras novas incorporacións pasadas ou futuras que as tiveron e terán por 2 anos. -Incremento do gasto pola diferenza entre un 1 kg de

penso en convencional a ecolóxico que é de un mínimo 15 céntimos, que xera perdas acumuladas ó longo de todo o ano. -Perda de ingresos polo descenso inicial da produción. A potencial perda de axudas para o mantemento da produción ecolóxica causaría tamén danos irreparables que poden comprometer a súa viabilidade no futuro inmediato. Por outra banda dende o BNG observamos con gran preocupación como a incerteza se mantén de cara ao novo período da PAC 23-27 dado que a ausencia de planificación quedou en evidencia co descuberto orzamentario da convocatoria deste ano 2022, polo que é imprescindible que se garantan orzadamente as axudas para a totalidade das hectáreas de produción ecolóxica para este ano 22 e os seguintes. Esta nova PAC pretende un horizonte no 2.030 para as producións ecolóxica do que nos atopamos lonxe, en Galiza andamos arredor do 5%, acadar o 25% a este ritmo e con estes precedentes non vai ser doado. Se este horizonte verde semella acaído e mesmo necesario para a saúde da poboación e pola necesidade de restrinxir o uso de pesticidas e o exceso de fertilizantes, a preservación da biodiversidade e dar un respiro ao medio ambiente, este conxunto de circunstancias provoca que Galiza estea indo no camiño inverso aos plans europeos para a produción ecolóxica o que causa que as granxas do país sufran os inconvenientes dos cumprimentos ambientais e perdan os beneficios que supoñen. É por isto que de sequera achegarse ás 200.000 hectáreas que deberían estar en ecolóxico nos próximos 7 anos, os 9 millos de euros dos que agora o Conselleiro fala quedarían absolutamente escasos. Pensar que no 2022 precisábanse 5,2 millóns de euros para as 45.000 has. Solicitadas. E se alguén soubera facer contas na Consellería teríase decatado que 200 son 4 veces máis que 45, e 9 non chega nin o dobre de 5. A non ser que xa se formulen que a excepcional xestión deste ano vai desanimar os posibles labregos e gandeiras e facer que en vez de ir a máis, a superficie en ecolóxico vaia a menos. Ao mellor este é o obxectivo encuberto, de ser así non cabe mais que darlle os parabéns o Conselleiro. Podo presentarlles a varios gandeiros que están na dúbida de se volver a convencional ou directamente cambiarse de sector. O anteriormente exposto afecta de xeito directo a polo menos 4 explotacións existentes só no territorio alaricano, con centos de hectáreas traballadas por estes emprendedores que axudan dun xeito determinante a manter a biodiversidade ó tempo que preveñen os lumes forestais. Explotacións que se están a ver comprometidas na súa sostibilidade económica pola falta de previsión senón é mala fe da política Agraria da Xunta de

Galiza do Partido Popular, con minguas sorprendentes nos seus ingresos que nalgún dos casos superan os 30.000€ anuais, e que poden chegar a prorrogarse nas próximas anualidades. Indicarlles que na provincia de Ourense nos últimos datos desagregados publicados (2021) tiñamos 120 produtores e/ou transformadores en ecolóxico certificados polo CRAEGA, con máis de 10.000 hectáreas traballadas. Si ben é certo que no total galego superáanse as 1350 inscricións no CRAEGA, certamente. Semella que moito se pode medrar neste sector en Ourense, mais semella que as políticas da Xunta neste sector moito deberán variar para que isto se produza. Porque a 9 de marzo de 2023 non están aínda publicadas e postas en coñecemento público as normas que rexerán a PAC de 2023, e fíxense vostedes que xa vai un cuarto do ano alá. Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno desta Deputación esta moción, propondo a **adopción do seguinte ACORDOS**: 1.- Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas ao sector da produción ecolóxica do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M € necesarios para cubrir as solicitudes presentadas. 2.- Instar ao Goberno da Xunta a asegurar o fornecemento económico do orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027, xa que aínda sendo certo que se incrementaron os fondos dispoñibles da PAC para este fin, deben existir mecanismos de salvagarda para o caso de que as necesidades orzamentarias superen os 9 millóns de euros comprometidos. 3.- Instar ao Goberno da Xunta a comprometer todos os mecanismos necesarios para acadar como mínimo o 25% de superficie agraria total, dedicada a explotacións en ecolóxico no horizonte 2030, dentro do territorio galego, dado o papel multiplicador que esta actividade xera no rural. O importante papel que posúe na defensa da biodiversidade, da prevención dos lumes, da calidade alimentaria, creación de emprego local e creación de produtos diferenciados, entre outros factores de desenvolvemento endógeno.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): toma a palabra para sinalar que a política ecolóxica da UE promove o uso responsable das enerxías, mantemento da biodiversidade, o mantemento dos equilibrios ecolóxicos rexionais ou o mantemento da calidade da auga, entre outras medidas. Tendo claras estas cuestións é importante traballar nesta liña como fai a Xunta de Galicia e remata indicando o seu voto será favorable a esta moción.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): anuncia o voto a favor do seu grupo.

- 1ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): moi brevemente sinala que estamos ante unha iniciativa moi atinada que amosa a falta de interese da Xunta de Galicia pola defensa dun dos sectores claves da nosa CA e que deriva na falta dun tecido primario sólido, no empobrecemento, despoboamento ou a propagación de incendios forestais. A falla de interese e o negacionismo que reina no PP cando se trata de apostar polo progreso, fan que sempre chegue tarde a este tipo de iniciativas. Na última convocatoria de axudas a produtos de orixe ecolóxico o goberno autonómico xa foi avisado de forma reiterada polo CRAEGA e polos propios produtores de que había que incrementar as partidas, e isto levou a que máis da metade non puidesen acceder ás axudas, o que lles impide competir en condicións de igualdade cos produtores doutras CCAA. O grupo socialista pide que as axudas cheguen a todos os produtores e se chegue á porcentaxe do 25 % da superficie agraria útil dedicada a este tipo de cultivos na nosa CA. Remata indicando o voto favorable do seu grupo a esta moción.

- 1ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): comeza a súa intervención manifestando que non comparte algunhas das afirmacións da parte expositiva desta moción, se ben o voto do grupo do PP vai ser a favor desta moción. Sinala que a referencia a que a día de hoxe non están publicadas as axudas hai que mudala, xa que foron publicadas o día 20 de marzo as axudas de 2023, e o prazo aberto ata o 31 de maio, e cunha dotación de 217 millóns de euros de orzamento. Matiza que foron só 24 produtores os que quedaron fóra das axudas no ano 2022 se contamos as axudas dos dous piares, moi lonxe dos centos de produtores aos que se referiu o voceiro do BNG, pero que en todo caso é un número importante e que hai que corrixir. Engade que ademais debemos ter presente que no exercicio de 2022 houbo un aumento exponencial de solicitudes e que superaron todas as previsións, e que para intentar paliar isto está previsto incrementar as primas por hectáreas nunha media do 25 % e para que así se cubra o que deixaron de cobrar estes solicitantes. Sobre a petición de incremento do orzamento para o período 2023-2027 sinala que a Xunta acaba de facer esa convocatoria cun incremento anual de máis do 130 %. Engade que de cara a garantir a total cobertura tamén se aposta polo rateo no caso de que as solicitudes de axuda superasen os fondos previstos. Existe ademais o compromiso da Xunta e que ningunha solicitude quede sen financiamento. Por último sinala que a superficie ecolóxica inscrita en Galicia está aumentando e a 1 de xaneiro acadada as 49.000 hectáreas.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): en primeiro lugar agradece o voto favorable de todos os grupos a esta proposta. A continuación sinala que sería bastante sinxelo que pola Xunta de Galicia se dispuxese de fondos propios para as solicitudes de financiamento que quedaron fóra das axudas do ano 2022. Engade que é inexplicable que dous departamentos da mesma Consellería non compartisen a información de que as solicitudes do ano 2022 se dispararan, porque a información a tiñan e era o momento de adoptar medidas para evitar o que logo pasou. Sinala que tamén se podería optar porque as axudas non vaian só ligadas á superficie, senón tamén á cantidade de xente que traballa, xa que sería un bo mecanismo de fixar poboación no rural. Sinala que temos un problema coas actuais oficinas agrarias comarcais, xa que non cumpren co seu labor de asesoramento técnico e son unha mera unidade tramitadora de papeis. Engade que estas propostas de acordo constitúen agora mesmo unha prioridade para moitas explotacións do país que ven comprometido o seu futuro, e que debemos apostar por este tipo de explotacións ecolóxicas e sustentables.

- 2ª intervención Diego Fernández (grupo do PS de G-PSOE): intervén para matizar que a súa referencia á escaseza das axudas evidentemente era ao ano 2022 e que as axudas deste ano deben garantir que as axudas cheguen a todos os produtores solicitantes.

- 2ª intervención Ana Villarino (grupo do PP): pídelle ao voceiro socialista que non terxiverse as súas palabras, xa que ela non dixo en ningún momento que as axudas do ano 2022 foran suficientes, senón que se incrementaron exponencialmente as solicitudes e por esa razón votan a favor desta moción do BNG.

- quenda de peche de Bernardo Varela (grupo do BNG): reitera o agradecemento e espera que esta moción se a leva o seu partido ao Parlamento de Galicia teña o apoio do resto de partidos con representación nesa cámara.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 16º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 16º](#)

Non se producen máis intervencións e, por unanimidade (incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1.- Instar ao Goberno da Xunta a completar con fondos propios a cantidade orzada para a orde de axudas ao sector da produción ecolóxica do ano 2022, na cantidade precisa ata acadar os 5,6M € necesarios para cubrir as solicitudes presentadas.

2.- Instar ao Goberno da Xunta a asegurar o fornecemento económico do orzamento destinado para as axudas ás producións ecolóxicas para cada ano do período 2023-2027, xa que aínda sendo certo que se incrementaron os fondos dispoñibles da PAC para este fin, deben existir mecanismos de salvagarda para o caso de que as necesidades orzamentarias superen os 9 millóns de euros comprometidos.

3.- Instar ao Goberno da Xunta a comprometer todos os mecanismos necesarios para acadar como mínimo o 25% de superficie agraria total, dedicada a explotacións en ecolóxico no horizonte 2030, dentro do territorio galego, dado o papel multiplicador que esta actividade xera no rural. O importante papel que posúe na defensa da biodiversidade, da prevención dos lumes, da calidade alimentaria, creación de emprego local e creación de produtos diferenciados, entre outros factores de desenvolvemento endóxico.

### **17º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA REVERTER O DESMANTELAMENTO DAS BRIGADAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE E PARA REGULAR O SEU FUNCIONAMENTO DUNHA FORMA OBXECTIVA**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): comeza a súa intervención sinalando que as brigadas de vías e obras da Deputación Provincial de Ourense son fundamentais para o desenvolvemento e mantemento das infraestruturas da nosa provincia. Estas brigadas son responsables de levar a cabo unha ampla gama de traballos de mantemento e reparación nos municipios que, na súa meirande parte, carecen de capacidade económica para realizar estas tarefas motu proprio. Ademais, tamén teñen a tarefa de executar novos proxectos concretos por encargo das administracións, o que significa que son esenciais para o desenvolvemento das infraestruturas e dos servizos. Así mesmo, tamén son importantes porque contribúen ao desenvolvemento sostible, un ámbito de especial importancia na actualidade, debido ao impulso disto desde as institucións europeas. Seguindo a normativa vixente, as brigadas están comprometidas co uso de materiais e técnicas sostibles e respectuosas co medio ambiente. A Deputación de Ourense é a única das institucións provinciais galegas que, teoricamente, conta con brigadas de vías e obras propias, formadas por traballadores e traballadoras de carácter público, mais atópanse nunha situación

preocupante debido ás políticas de desmantelamento do goberno provincial dos servizos públicos, segundo denuncian os propios traballadores e traballadoras. Ata o de agora, estas brigadas prestaban un amplo abano de servizos aos municipios ourensáns, xa que contaban con medios materiais suficientes en cada ámbito territorial comarcal pero, na actualidade, están baixo mínimos por unha acuciante falta de recursos imposta á forza. O PSOE defende que os servizos públicos sempre son máis eficientes, xustos e beneficiosos para a veciñanza e para as administracións que os servizos prestados mediante concesión a empresas privadas. Por iso cremos que é importante dotar novamente de recursos a estas brigadas, poñendo fin aos recortes, rebaixas e limitacións introducidas polo goberno de Manuel Baltar con un único fin: deixalas escualidas para acabar privatizando o servizo. Este desmantelamento controlado das brigadas afecta negativamente ás infraestruturas dos municipios, pero tamén á conservación das estradas da propia deputación, que presentan un estado que, ano tras ano, empeora notablemente. Analizando o contexto que nos rodea, observamos que os datos orzados polas restantes deputacións galegas para o presente exercicio de 2023 son moi significativos, deixando ao goberno ourensá nunha delicada situación no referente ao investimento neste ámbito. A Deputación da Coruña orza para ‘investimentos en estradas provinciais’ 3,9 millóns e tamén en ‘investimentos de reposición en estradas provinciais’ 10,7 millóns. Por orde decrecente, aparece a Deputación de Pontevedra que para ‘seguranza viaria e investimentos en estradas’ orza 8,5 millóns de euros. Pola súa banda, a Deputación de Lugo dedica 6,3 millóns para ‘investimentos de reparacións en estradas’. Finalmente, o orzamento desta Deputación de Ourense recolle no seu anexo de investimentos unha partida de 3,1 millóns para tres conceptos: ‘Plan cooperación vías provinciais’, ‘Reparación vías municipais’ e ‘Reparación vías provinciais’. Os e as socialistas tamén amosamos a nosa preocupación polo uso partidista deste servizo. Os criterios que o PP emprega desde o Pazo Provincial para o seu escaso funcionamento, presenta importantes lagoas e grandes dúbidas envoltas en decisións practicadas en base ao habitual escurantismo da institución na asignación de recursos públicos. Desde o PSdeG-PSOE de Ourense defendemos o modelo público de brigadas, pero cremos que é necesario aprobar unha nova regulación que permita establecer criterios transparentes e equitativos para o seu funcionamento e financiamento. Esta normativa debería establecer usos democráticos e imparciais que permitan ponderar as actuacións máis urxentes, así como normativizar o uso das brigadas en período electoral ou preelectoral. Tamén debería crear un rexistro público de peticións e concesións, así como un

sistema de control da xestión e de avaliación dos resultados. Existe unha normativa publicada no Boletín Oficial da Provincia en 1996 (número 279) para regular o seu funcionamento, pero que son tan laxas que, na realidade, a xestión ordinaria queda a expensas de decisións políticas unilaterais en beneficio propio, a pesar de ser recursos pagados con diñeiro de todos e todas os cidadáns. A nosa petición de creación dun regulamento de funcionamento destas brigadas tamén vai na liña das outras deputacións galegas, como é o caso de Pontevedra, onde está publicado no Boletín Oficial da Provincia un decálogo de criterios de actuacións nas vías provinciais. Nalgunhas das peticións de información que o Grupo Provincial Socialista ten feito sobre actuacións concretas en concellos ourensáns, recibimos por resposta que esas actuacións seguen “os criterios e o procedemento establecido para os concellos da provincia de Ourense”, mais descoñecemos cales son porque oficialmente non existen. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO: 1º.- O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a poñerlle fin ao desmantelamento das brigadas de vías e obras da institución e a dotalas de novo de recursos económicos, materiais e humanos dabondo, co fin de recuperar o servizo óptimo e de calidade que prestaban aos municipios. 2º.- O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a incrementar substancialmente os fondos públicos destinados ás estradas nos ámbitos da conservación e reparación, así como para obras de nova execución, co fin de mellorar a preocupante situación da rede provincial e municipal e para equiparar o investimento desta institución ao do resto de deputacións. 3º.- O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a aprobar un novo regulamento, incluíndo achegas de todos os grupos políticos, que detalle o funcionamento das brigadas de vías e obras da institución, en todo caso, baixo criterios técnicos baseados nos principios de equidade, obxectividade, transparencia, asignación eficiente dos recursos, eficacia, control da xestión e avaliación dos resultados, así como pola prestación dun servizo xusto a toda a veciñanza. dun servizo xusto a toda a veciñanza.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): moi brevemente sinala que non comparte para nada a visión do partido socialista nesta moción e que votará en contra dela.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): sinala que desde o BNG se apoiará esta moción do PS de G-PSOE polo que implica de mantemento dun servizo público, e que o funcionamento das brigadas de vías e obras desta Deputación debe mellorarse e ser moito máis operativo na súa xestión.

- 1ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): manifesta que votarán en contra xa que tanto a exposición de motivos como as propostas de acordo son totalmente incorrectas.
- 2ª intervención Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda sinala que lle sorprende a intervención do voceiro do grupo do PP, e que non rebata ningún dos seus argumentos, entendendo que é porque só está en modo candidato á alcaldía. A continuación engade que todos os concellos sabemos como é o funcionamento operativo destas brigadas e cales son os criterios, de cor política, que se empregan para mandar as brigadas a diferentes concellos que o solicitan. Insiste en que a realidade é incluso peor agora que cando existían brigadas paradas por avarías na maquinaria. Vemos que non hai intención por parte do grupo de goberno de que sigan prestando un servizo público de moito interese e utilidade para os concellos, que non hai intención de que se reforcen estas e de que exista un regulamento claro e preciso sobre o seu uso.
- 2ª intervención Pablo Pérez (grupo do PP): sinala que cando de referiu a datos incorrectos na moción aludía á comparación de cifras reais. A continuación detalla cal é este exercicio o investimento en rede viaria provincial, matizando que se lle debe engadir en torno a cinco millóns de euros do capítulo I que se dedican a pagar ao persoal provincial adscrito á área de infraestruturas, que se xestiona de maneira directa, que é unha cifra aproximada de quince millóns de euros. As cifras expostas non teñen nada que ver coas da moción, e máis se a comparamos co que fan as outras deputacións de Galicia, que fan xestión indirecta deste servizo público. Engade que as brigadas non están só para cooperación cos concellos e que sempre que se pode se atenden as peticións dos diferentes concellos, por orde de chegada, e tratando de ir á maioría dos concellos posibles. Os criterios tratan de combinar a prestación de servizos na rede provincial de estradas polas propias brigadas co de proximidade e eficiencia na atención aos concellos. Remata indicando que existe un incremento de fondos e nada parecido a un desmantelamento deste servizo, e que como todos os anos, antes do verán, se fai un reforzo das diferentes brigadas existentes.
- quenda de peche Ignacio Gómez (grupo do PS de G-PSOE): intervén para sinalar que o voceiro do PP non debeu ler a moción, xa que fala de todo menos do que realmente se pide nesta moción do grupo socialista. Cando reclamamos isto é porque hai alcaldes e alcaldesas, incluso do PP, que din o mesmo que se pide na moción, porque non se lle atendeu cando veu buscar a axuda da Deputación Provincial. Por último matiza que o incremento en gastos de

materiais ao que se fixo referencia é unha trampa, lembrándolle que nos casos de cooperación cos concellos son estes os que asumen os gastos do material.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 17º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 17º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita, e a abstención de DO (1).

### **18º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A DEFENSA DUNHA SANIDADE PÚBLICA UNIVERSAL E DE CALIDADE, SUPRIMINDO AS DECISIÓNS POLÍTICAS ECONOMICISTAS QUE ESTÁ A PRECARIZAR O SISTEMA.**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción se presentou unha emenda por parte do Grupo Popular e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

- 1ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): procede a expoñer a iniciativa política do seu grupo indicando que a sanidade pública é un dereito fundamental de todas as persoas. Calquera intento de privatización debe ser rexeitado. Lamentablemente, a Xunta de Galicia está a levar a cabo unha política de desmantelamento na sanidade galega que pon en perigo o acceso universal a esta atención de primeira necesidade. Os servizos públicos son a clave de bóveda para a construción dunha clase media robusta e, o non ter que facer fronte a uns gastos médicos elevados, como ocorre noutros países, permite aos cidadáns e cidadás poder planificar os seus proxectos vitais sen hipotecar o seu futuro tras unha enfermidade. Na tarxeta sanitaria non figura o noso patrimonio. Isto é un logro do Estado do Benestar que os e as socialistas construímos en España con moita suor e sacrificio. A pesar de que algunhas formacións políticas non conciben este modelo universal, sabemos que a maioría social do noso país quere máis e mellor sanidade pública. E iso pasa por reforzar os dous piares do sistema: recursos humanos e infraestruturas adecuadas. Sen embargo, a falta de investimento dabondo e a precariedade na contratación do persoal, está a aumentar a desigualdade na atención sanitaria pola falta de servizos en lugares de difícil acceso ou

cobertura como son moitos municipios da provincia de Ourense. As políticas da Xunta durante os últimos 14 anos supuxeron unha perda de empregos no sector e unha preocupante minoración da calidade dos servizos. Outra das obstinacións dos actuais xestores é derivar a empresas privadas a prestación de servizos. Estas empresas só buscan maximizar beneficios centrándose en áreas rendibles, en lugar de cubrir as necesidades de toda a poboación. Fronte aos dogmas privatizadores, está demostrado que os servizos de carácter público ben xestionados, distribúen os recursos de forma xusta e equitativa, dando cobertura ás necesidades de todos e todas, en lugar de centrarse só nas ganancias económicas. Tamén está comprobado que a sanidade pública é máis eficiente en termos de custos, xa que non ten fins de lucro. Os datos son tremendamente reveladores e destapan un derrubamento deliberado do sistema público, co obxectivo de deixar un solar no que o sector privado poida edificar. No ámbito dos recursos humanos, Galicia xa é a terceira peor comunidade en ratio de médicos e médicas por habitante e a terceira con peor ratio de enfermeiros e enfermeiras. Obviamente, con cifras así é imposible prestar un servizo áxil e universal, a pesar do enorme esforzo dos e das profesionais, xa que as eivas do sistema, derivadas desa política negacionista da Xunta, son demasiado grandes. Nos últimos meses toda a sociedade ourensá e galega viviu en vivo en directo unha cascada de dimisións de xefes e xefas de servizo en atención primaria e hospitalaria, así como enfrontamentos entre as xerencias e os profesionais sanitarios debido á pésima xestión dos recursos humanos do sistema público. Esta negligente xestión do goberno galego fará de Galicia a autonomía con máis déficit de médicos nos próximos anos pola ausencia de reposición das xubilacións. No caso concreto de Ourense, un 25 % dos médicos que están colexiados poderán xubilarse durante o próximos cinco anos, o que pon de manifesto un grave problema, xa que sen persoal suficiente, non hai servizo posible. Na atención primaria ourensá a situación é aínda máis complexa, xa que son 135 os facultativos e facultativas que poderán xubilarse durante o próximo lustro. Segundo o Sindicato de Enfermería Satse e o Colexio de Médicos de Ourense, en cifras globais, o déficit de sanitarios na nosa provincia é de, polo menos, 70 enfermeiras e enfermeiros e 142 médicos e médicas. Na nosa área sanitaria hai especialidades con eivas moi importantes: pediatría, dermatoloxía, radioloxía ou medicina de familia, entre outras. Este déficit de persoal sanitario é aínda máis grave nos hospitais comarcais de Verín e Valdeorras, debido a súa localización periférica dentro de Galicia, á gran carga asistencial que soportan sen orzamento suficiente e ás mellorables condicións laborais ofertadas polos responsables da Consellería de Sanidade. O

sistema sanitario é unha roda que non está a funcionar correctamente por decisións erróneas dos seus xestores. A atención primaria non funciona ben pola evidente falta de recursos, o que deriva en colapsos dos servizos de urxencias, provocando á súa vez un aumento dos ingresos hospitalarios e das listas de agarda. Este carrusel de problemas creado polo empecinamento da Consellería de Sanidade en levar a cabo un esmagamento de servizos e profesionais, é ben coñecido na nosa provincia, onde xa tiveron que dar marcha atrás no ataque ás prestacións da comarca de Monterrei. A pesar disto, Ourense continúa instalado neste 2023 nunha situación sanitaria preocupante, coas peores listas de agarda Galicia, duplicando as previas á pandemia da Covid-19 que suman, por exemplo, 2,5 meses nunha consulta previa para cirurxía ou 205 días para consultas no Hospital de Valedorras. Os problemas tamén afectan aos máis cativos, con importantes eivas na atención pediátrica o que provoca derivacións ao Complexo Hospitalario Universitario de Vigo que poderían ser atendidas perfectamente na nosa provincia, tal e como denunciou o colectivo médico de pediatras ante a Valedora do Pobo. De feito, o sindicato O'Mega acaba de advertir que máis de 11.000 nenos carecen de pediatra asignado en Galicia, debido a que case o 18 % das prazas están vacantes ou son cubertas por médicos de familia puericultores. Esta estratexia de derrubamento do sistema provocou, hai só unhas semanas, unha das maiores mobilizacións en defensa do sanidade pública da historia de Galicia. Pero ante este clamor social, o único que fixo a Xunta foi mirar cara outro lado, votar en contra das iniciativas parlamentarias en defensa da sanidade pública galega e axitar moito fume propagandístico adornado de falsidades, como a teima do Partido Popular cunha suposta falla de prazas MIR. A realidade é que o Goberno galego deixou máis dun cento de prazas sen cubrir fronte a un Goberno central que puxo en marcha as cinco convocatorias consecutivas de prazas MIR máis altas da historia. A sanidade pública universal debe ser defendida e protexida por todos e todas para garantir que os cidadáns e cidadás teñan acceso a unha atención de calidade, independentemente da súa capacidade económica. E, por iso é hora de que a Xunta se comprometa a investir moito mais na sanidade pública co fin de garantir prestacións en tempo e forma. É imprescindible que a Deputación Provincial adopte medidas para defender a sanidade pública ourensá ante o desleixo practicado polo PP en San Caetano e no Pazo do Hórreo. A situación da nosa área sanitaria pódese resumir en longas listas de agarda para probas diagnósticas e cirúrxicas; prazos disparatados en boa parte dos servizos de atención primaria; falta de persoal sanitario en practicamente todos os servizos e nunha infraestrutura hospitalaria obsoleta que non pode facer fronte ás necesidades da poboación. A

saúde non pode ser unha mercadoría que se venda á oferta económica máis barata. Por iso, a Deputación ourensá tamén debe manifestarse en defensa do dereito á saúde pública, universal e de calidade de todos os seus veciños e veciñas. Por todo o exposto, o grupo socialista presenta a seguinte PROPOSTA DE ACORDO: 1º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia á mellora global da dotación de recursos humanos do Sistema Público de Saúde de Galicia, coa incorporación progresiva dun maior número de profesionais, comezando polas especialidades con menor taxa de cobertura e maiores listas de agarda. 2º. A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a rematar coa avultada eventualidade dos profesionais contratados polo Servizo Galego de Saúde abusivamente de maneira discontinua, dotándoos de estabilidade e mellorando substancialmente as condicións dos contratos e dos nomeamentos. 3º. A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a garantir, mediante lei, o tempo límite máximo de 48 horas, para ser atendido nos servizos de atención primaria do Sistema Público de Saúde de Galicia, e a convocar todas as prazas vacantes neste nivel de atención básico e inicial que garante a continuidade da atención. 4º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia á elaboración e aprobación dun plan sanitario específico para a provincia de Ourense, que permita revertir a preocupante situación da nosa sanidade pública, suprimindo as decisións políticas economicistas que están a precarizar a atención primaria e a colapsar as urxencias hospitalarias pola falta de medios humanos e materiais; a pechar unidades de hospitalización ou a desmantelar servizos especializados que acaban sendo tratados noutras provincias. 5º.- A Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a implementar unha xerencia específica de atención primaria en cada Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) do Sistema Público de Saúde de Galicia e, no caso concreto da EOXI de Ourense, Verín, e O Barco de Valdeorras, a aprobar unha dotación de recursos e autonomía de xestión e funcionamento dabondo, que permita acadar unha administración máis eficiente, adaptada ás peculiaridades dos ambulatorios e centros médicos da provincia.

A continuación sinala que a emenda de substitución do grupo do PP pouco achega, e afea a costume que ten o grupo popular de emendar as iniciativas políticas dos outros grupos, especialmente do PS de G-PSOE, en lugar de presentar as propias iniciativas.

- 1ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): comeza a súa intervención quedándose co final da moción e a referencia ao centro de saúde do Nóvoa Santos de Ourense, indicando que a primeira consulta dispoñible para pediatría agora mesmo sería para o próximo martes, polo

que non lle parece tanto que se tarde en dar cita, e é unha realidade que se pode comprobar agora mesmo. Engade que en sanidade pública sempre hai que traballar para conservala e melloralala no posible, e que concorda coa emenda de substitución que presenta o PP, lembrando que o grupo socialista non fai ningunha mención á responsabilidade do Estado en materia sanitaria.

- 1ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): comeza indicando que a súa opinión sobre as emendas de substitución que adoita presentar o grupo popular é nefasta, e que é un déficit democrático, xa que os grupos o que deben facer e debater e votar as iniciativas políticas dos outros grupos e votar en consecuencia, pero non modificar as propostas dos outros grupos en termos totalmente diferentes. Lembra que no pleno de decembro de 2020 o BNG trouxo unha moción ao respecto da sanidade pública galega que foi rexeitada, insistindo en que é lóxico que se presenten mocións sobre este tema pola súa importancia. É evidente que a sanidade ten que ser pública, e o PP sen dicir isto, trata de que non sexa así. O problema que traslada sempre o PP é a falla de médicos, pero non é só iso, fallan recursos en atención primaria, e isto acaba levando á saturación das urxencias e a atención tardía. Os que poden recorrer á sanidade privada, e os que non van ás urxencias, prodúcese a saturación destas, e con isto prodúcese unha atención deficitaria. O problema existe e se o problema é a falla de médicos a responsabilidade e tanto do PSOE como do PP, que gobernaron os últimos anos no Estado, pero o problema máis grave é que si que formamos médicos, pero estes escapan do sistema público e da atención primaria, indo en moitos casos a outros países europeos polas melloras económicas e de condicións de traballo que alí lles ofrecen. Remata indicando que o voto do BNG será favorable á moción e en contra da emenda do PP.

- 1ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): sinala que xa na comisión informativa votaron a favor desta moción, e as propostas de acordo conteñen unhas reivindicacións á Xunta de Galicia e que avogan por unhas melloras na sanidade pública. Sobre e emenda sinala que contén unhas reivindicacións ao Estado e que avogan por unhas melloras na sanidade pública, e coas que tamén están de acordo, entendendo que a emenda ben podería ser de adición e non de substitución.

- 1ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): comeza insistindo en que hai médicos suficientes en España, pero que a cuestión é que no sistema público só poden traballar médicos con formación MIR, e que este é o problema real, e quen ten a capacidade de formalos é o goberno do Estado. A continuación pregunta porque razón senón o Goberno do

Estado permite aos médicos MIR prolongar a súa vida laboral, e porqué por exemplo no cárcere de Teixeira están a prestar servizos sanitarios a través dunha empresa privada. A realidade é que hai moitas dificultades en toda España, independentemente de quen governe, para a cobertura dos postos de médico de familia que precisan, como se dixo, de formación MIR. Pon como exemplo as palabras do consejero de Sanidad da CA de Extremadura do PSOE que di que non é un problema de investimento, e que nin por todo o diñeiro do mundo consegue médicos. A Xunta publica mensualmente as listas de contratación temporal de persoal sanitario e demostrouse que non hai profesionais dispoñibles. Sinala que a emenda do grupo popular é unha demanda da totalidade das CCAA do Estado que recoñecen que se non hai máis titulados con formación MIR non se pode solucionar o problema actual, e que a Xunta de Galicia está a facer os seus deberes ofertando prazas en propiedade incluso sen oposición e a través do sistema de concurso. Por último pasa a expoñer os datos da nosa CA de Galicia no relativo á oferta e provisión de postos nos derradeiros anos. Remata indicando que mentres non se solucionen os problemas que se indican na súa emenda, resulta moi difícil mellorar a atención primaria en todo o Estado.

- 2ª intervención Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): nesta quenda comeza agradecendo o apoio do grupo do BNG e de DO á súa iniciativa política. Sobre a intervención da deputada non adscrita indica que non se pode insultar dese xeito tan gratuito á xornalista Xiana Cid que no diario La Región explica a problemática real para conseguir citas na atención primaria en Ourense. Sobre a referencia da emenda á creación da especialidade de medicina de urxencias e emerxencias, pídelle ao grupo popular que se informe ben, xa que esta especialidade foi creada recentemente por acordo do Consello Interterritorial. Sobre o papel do Estado lembra a estabilidade laboral que se trae grazas ao PSOE, con sesenta mil prazas de profesionais sanitarios a estabilizar nestes anos. Engade que o actual goberno é o que máis prazas MIR ten sacado nos derradeiros anos, moitos máis que o goberno do PP de Mariano Rajoi e Ana Pastor, e que agora estamos pagando. O goberno do Estado acaba de aprobar máis de mil millóns de euros nos orzamentos de 2022 e 2023, cun plan específico de atención primaria, e por primeira vez en doce anos un plan específico de saúde mental, entre outras moitas medidas. A día de hoxe ao Goberno do Estado podémoslle esixir moitas cousas, pero non o podemos culpar de que hoxe non teñamos a sanidade que merecemos a nivel MIR e cuxos únicos responsables foron os gobernos do PP.

- 2ª intervención Montserrat Lama (non adscrita): toma a palabra para dicirlle ao voceiro do grupo socialista que igual o que non é moi ben estimado e el. Insisten en que trata ao resto de deputados e deputadas cunha superioridade moral que non o leva a ningures e que o único que busca é o enfrontamento continuo.

- 2ª intervención Bernardo Varela (grupo do BNG): nesta quenda de intervención sinala que a sanidade pública é absolutamente fundamental e que agora mesmo está nunha situación crítica, e que moitas veces os investimentos ao mellor non son os máis acaídos e se limitan a poñer parches. Remata indicando que votará a favor da proposta do grupo socialista e en contra da emenda de substitución do PP, polos motivos indicados.

- 2ª intervención Armando Ojea (grupo de DO): explica que as propostas que figuran na emenda do PP son perfectamente defendibles e compatibles coas reivindicacións da moción do PSOE, e poñendo por riba de todo a importancia da sanidade pública respecto da tramitación que permite o regulamento orgánico da Deputación das iniciativas políticas dos grupos.

- 2ª intervención Rosendo Fernández (grupo do PP): comeza lembrando que no concello de Ourense o seu grupo sufriu moito as emendas de substitución do PSOE/BNG, polo que lle resulta curioso aquí ese argumento. Lembra que a especialidade MIR coa que hai que traballar na sanidade pública leva en torno a catro anos, e sobre os centros de acreditación en centro de saúde, di que en Galicia hai só cen centros de saúde que están acreditados para formación MIR, porque o Goberno do Estado que é o que dá a acreditación non permite que con menos de catro médicos se poidan acreditar. Sobre a especialidade de urxencias e a súa creación, sinala que o anuncio foi que “se creará”, pero que aínda non está creada, e aínda non saíu nin o primeiro médico. Remata indicando que a formación dos médicos de Galicia corresponde ao Goberno do Estado, e que non debemos desviarnos dese verdadeiro problema.

- quenda de peche Rodríguez Villarino (grupo do PS de G-PSOE): comeza sinalando que parece que é un delito presentar recursos nos xulgados, e lembra que onte saíu a sentenza contra as bases e a convocatoria das axudas aos autónomos, onde o PP se dedicou todo este tempo a mentir e utilizar a representantes de empresarios e autónomos para metelos na mesma mentira. A mentira consistiu en dicir que no caso de que se anulasen as bases os beneficiarios terían que devolver as axudas, o que é absolutamente falso, xa que o recurso ía exclusivamente contra as bases reguladoras, que son absolutamente ilegais, engadindo que a sentenza reconece que “si bien asiste razón a la parte actora cuando afirma la existencia de

irregularidades en el proceso de convocatoria de este tipo de ayudas, el resultado final fue que se atendieron a todas las solicitudes al tener crédito suficiente”, e que isto é o que hai e o que os salvou, engadindo que a sentenza nin impón custas por terse detectado irregularidades no procedemento. Quedan vostedes desenmascarados publicamente e queda acreditado ante Ourense que traballan de xeito irregular. Remata a súa intervención pedindo seriedade e defensa da sanidade pública, indicando que o goberno provincial unicamente se dedica a defender á Xunta de Galicia e a escorrer o vulto.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 18º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 18º](#)

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez), de DO (1) e da deputada non adscrita, e o voto en contra do Grupo Socialista (9) e do BNG (1).

A continuación sométese a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (9), de DO (1) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (12, incluído o voto a distancia de don Miguel A. Cid Álvarez) e da deputada non adscrita.

Como consecuencia da votación anterior o Pleno adopta o seguinte acordo:

Solicitarlle ao Goberno de España:

1. Modificar o sistema de elección de prazas MIR para que as persoas aspirantes coñezan en tempo real as prazas dispoñibles.
2. Crear a especialidade de medicina de urxencias e emerxencias.
3. Revisión do sistema de acreditación de unidades docentes.
4. Aproveitar o novo sistema máis flexible de acreditación para realizar un incremento extraordinario de arredor de 1.000 prazas formativas de médicos de familia máis nas convocatorias dos vindeiros anos que corrixa a situación de déficit en toda España.
5. Que o goberno de España asuma compromiso pendente de creación dun Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios para prever os déficits de profesionais do futuro.

**19º.- ASUNTOS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**20º.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.-**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de organización,

funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (aprobado por Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao Pleno da relación de decretos do mes de febreiro de 2023.

Os membros da Corporación quedan informados.

**21º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

Bernardo Varela (BNG). O Sr. presidente da Deputación Provincial de Ourense anunciou no pleno da Estado da Provincia de novembro de 2020 unha planta de biometanización de residuos agrogandeiros na Comarca da Limia, destacando a colaboración público- privada coa empresa Arrate Energy Corp., en concreto as negociacións segundo se anunciou foron con D. Joaquín Sanz López, director xerente da compañía, anunciándose que estaría en funcionamento para 2023 con 50 empregos xerados, a hemeroteca así o amosa. Recentemente neste mesmo mes de marzo, o mesmo Sr. presidente da Deputación Provincial de Ourense, anuncia a sinatura dun protocolo co director de Aqualia España don Santiago Lafuente e o representante de Gadessa Roberto Lameiro, para unha planta de biometanización, orzada en máis de 22 millóns de euros, volvendo destacar a colaboración público-privada que neste caso daría lugar a que estivera a planta en funcionamento en 2027. Certamente a provincia de Ourense tería unha situación diametralmente distinta se sequera unha pequena parte das grandes promesas feitas polo Partido Popular, moitas delas coa Deputación como gran protagonista das negociacións, tiveran sido executadas, así recordamos tamén a fábrica de coches de Xero en Melón, anunciada en 2011, ou o matadoiro que ía montarse en Xinzo de Limia por un valor de 50 millóns de euros en 2013. Logo da realidade que toda veciñanza pode comprobar, a pregunta resulta obvia, baseándose no exposto solicitamos resposta as seguintes cuestións: ¿Qué planta de biometanización é a que vai explorar a Deputación, a de Arrate ou a de Aqualia-Gadessa? ¿Voltaremos escoitar falar deste proxecto unha vez pase o mes de maio deste ano?

O Sr. presidente responde, respecto da segunda pregunta, que por suposto que se volverá falar deste proxecto unha vez que pase o mes de maio deste ano. E con relación á primeira pregunta di que a folla de ruta de biogás, aprobada polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico en cumprimento ao indicado no Plan Nacional Integrado de Enerxía e Clima 2021-20230, destina a súa medida 1,8 o fomento dos gases renovables, establecendo

que se fomentará mediante a aprobación de plans específicos, a penetración de gas renovable, incluíndo o biogás, o biometano, o hidroxeno renovable ... O último informe SEDIGAS, estudo da capacidade de produción de biometano en España, propón para Galicia un total de 121 plantas e un investimento de 2.086 millóns de euros, aos que hai que sumar 186 millóns para a mellora e ampliación de gasodutos. Desde a Deputación somos coñecedores da carga de explotacións agropecuarias existentes na Limia e da gran cantidade de residuos que xeran coa conseguinte necesidade de darlles solución a estes residuos. Polo tanto, desde o ente provincial apoiamos todos os proxectos sostibles que impliquen investimento na nosa provincia e faciliten o asentamento da poboación e proxecten a economía circular. Cando as iniciativas, ademais, presentan solucións ambientais aos problemas de residuos, o apoio é incuestionable. A Presidencia da Deputación asinou dous protocolos para o desenvolvemento ambiental de xestión integral de residuos de orixe orgánica na provincia, ambos proxectos, de iniciativa privada, consideramos que son compatibles e complementarios. Ambas propostas achegan solución mediante a valorización enerxética dos residuos, mediante a produción dun gas renovable como é o biometano.

Bernardo Varela (BNG). No partido de baloncesto celebrado no Pazo dos Deportes o sábado día 25 de marzo entre o Club Ourense Baloncesto e o UEMC Valladolid, queremos salientar, en primeiro lugar, a vitoria do COB que achega ao Club a manter a categoría outro ano, mais tamén queremos trasladar as queixas de boa parte da afición polo cambio do idioma que se emprega nese espazo deportivo dependente desta institución, tras moitos anos de uso da lingua galega. Entendemos que a Deputación Provincial pode e debe pronunciarse neste caso, xa que xunto co Concello de Ourense conforman a maioría accionarial que a día de hoxe controla o Club. Con base no exposto solicitamos resposta as seguintes cuestións: 1. Entendendo que a Deputación Provincial non tiña coñecemento desa circunstancia ¿intervirá para que a lingua que se empregue no Pazo Provincial durante as celebracións dos encontros do COB volva ser o idioma galego? 2. E xa entrados na materia ¿poderíamos desde a Deputación Provincial de Ourense e dado o importante paquete accionarial do que dispomos, incidir para que as redes sociais do Club Ourense Baloncesto teñan acceso no idioma propio do País (o galego)? como así o teñen os clubs de baloncesto galegos presentes na ACB (Breogán e Obradoiro).

O Sr. presidente dá lectura a un escrito de don Bernardino González Vázquez (asesor deportivo), que di o seguinte: o Club Ourense Baloncesto SAD, é unha entidade privada con autonomía para xestionar as súas comunicacións, pero desde o Servizo de Deportes se dará traslado das súas peticións ao Consello de Administración do Club, xa que consideramos o galego como un sinal de identidade fundamental da nosa sociedade e por isto forneceremos todas as accións normalizadoras do seu uso. Entendemos que o emprego do galego como lingua de comunicación no Pazo, e especialmente a visibilización como vehículo de comunicación nas redes sociais do club, son excelentes canles para transmitir os valores da nosa cultura.

Aurentino Alonso (Grupo Socialista) . Dende hai 25 anos a estrada OU-0807 veu sufrindo problemas de desprazamentos das ladeiras dos montes nos que se asenta, parte deles (os máis graves) provocados pola actividade extractiva dunha canteira de lousa localizada na zona do leito do regueiro de Preáns. Hai uns meses, o último tramo duns centos de metros, situado á entrada do núcleo de San Vicente de Leira, derrubouse na súa totalidade. Os 53 veciños cos que conta actualmente o núcleo de San Vicente, e calquera vehículo que deba acceder ao pobo, só teñen unha alternativa de acceso, un rodeo de máis de 2,5 quilómetros por unha vía municipal de montaña, moi estreita e con tramos con moi fortes pendentes, moi perigosa, sobre todo no inverno ¿Atópase xa rematada a totalidade do proceso de expropiación de bens para a execución da obra: proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807? ¿Fóronlles aboadas xa aos propietarios afectados as cantidades estipuladas no expediente expropiatorio? De non estar rematado o proceso de expropiación ¿en qué fase se atopa, e cando se prevé o seu remate? A preguntas formuladas por este deputado no Pleno de xaneiro de 2022, relativas á situación do proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807, no dito pleno respondeuse dende a Presidencia desta Deputación que o expediente 2020/22855D, “proxecto construtivo acceso ao núcleo de San Vicente desde a OU-0807, no termo municipal de Vilamartín de Valdeorras, cun orzamento de 12.996.387,90 €, foi trasladado á Secretaría Xeral para a súa aprobación polo órgano competente” ¿En que data lle foi trasladado o proxecto construtivo ao órgano competente?. ¿Foi aprobado xa polo órgano competente o proxecto construtivo?. De non ser así, ¿vaise aprobar o proxecto construtivo de acceso ao núcleo de San Vicente dende a OU-0807?. ¿Cando?. De estar aprobado o proxecto construtivo ¿están tramitadas xa a totalidade

das preceptivas autorizacións sectoriais? ¿Cóntase xa coas ditas autorizacións? E, se falta algunha, ¿cales? Á vista do elevado custo da obra orzado no proxecto, hai unhas semanas o alcalde de Vilamartín de Valdeorras formuloulle a esta Deputación unha proposta con dúas opcións nas que o propio Concello de Vilamartín se faría cargo da realización das obras para darlle acceso ao núcleo de San Vicente dende a OU-0807 ¿Vai valorar o grupo de goberno a proposta feita polo Concello de Vilamartín? ¿Estaría disposto o grupo de goberno a estudar un cambio de titularidade, traspasándolle ese último tramo da estrada OU-0807 ao Concello de Vilamartín xunto coa achega económica que este expón para poder efectuar as obras, igual que se ten feito con outros traspasos de titularidade noutros concellos da provincia?

O Sr. presidente responde, en canto á primeira pregunta ¿atópase xa rematada a totalidade do proceso de expropiación de bens para a execución da obra: proxecto de trazado do acceso ao núcleo de San Vicente de Leira desde a estrada OU-0807? Desde o Servizo de Patrimonio informan que non se rematou. En canto á segunda pregunta ¿fóronlles aboadas xa aos propietarios afectados as cantidades estipuladas no expediente expropiatorio? Desde o Servizo de Patrimonio tamén lle informan que non. En canto á pregunta ¿en que fase se atopa e cando se prevé o seu remate? Di que foi feito o trámite de información pública e de declaración da necesidade de ocupación dos bens e dereitos afectados, así como a resolución do recurso de reposición formulado por dúas mercantís afectadas polo expediente expropiatorio ( CAVIMA, SLU e ÁREA VITAL, SL, empresas vinculadas á louseira causante dos danos na estrada ), quedando pendente os trámites de levantamento de actas previas á ocupación e pago de depósitos previos e de fixación do prezo xusto, ao ser o procedemento expropiatorio utilizado o urxente, ao abeiro do previsto na Lei de expropiación forzosa do 16 de decembro de 1954 e o seu Regulamento, aprobado por Decreto de 26 de abril de 1957, en relación coa Lei 8/2013, de estradas de Galicia. En canto á pregunta de que en que data lle foi trasladado o proxecto construtivo ao órgano competente e se foi aprobado xa polo órgano competente, segundo informa a Área de Infraestruturas o 11.08.2020 foi trasladado o expediente 2020/22855D desde a Área de Infraestruturas ao Negociado de Secretaría Xeral, e aínda non foi aprobado polo órgano competente o proxecto construtivo. En canto á pregunta de se vai valorar o grupo de goberno a proposta feita polo Concello de Vilamartín e se estaría disposto o grupo de goberno a estudar un cambio de titularidade, dicir que este goberno valorará a proposta sempre e cando veña acompañada dun proxecto técnico que avale que esa solución sexa viable, feito que neste momento non ocorre xa que o escrito remitido polo concello carece de

calquera fundamento técnico que o apoie. Manifestamos, novamente, a nosa vontade de arranxar a estrada municipal de acceso ao pobo, tal e como fixemos en diversas actuacións nos últimos anos, destacando o arranxo do paso sobre o regato Pereanes.

Rosario Rodríguez Delgado (Grupo Socialista). No pasado mes de febreiro de 2023 recibimos nos concellos unha circular informativa sobre a adhesión da Deputación de Ourense a unha iniciativa para o despregamento de protección EDR para ofrecerlles este servizo gratuíto aos concellos da provincia de Ourense ¿Xa formalizou a Deputación de Ourense a adhesión a ese servizo? ¿Para cando está prevista a implantación nos concellos que se interesaron por este servizo? ¿Cantos concellos solicitaron á Deputación este servizo?

O Sr. presidente dá lectura ao informe da Área de Transparencia no que se di que a Deputación de Ourense, dentro do marco do Nodo de Ciberseguridade de Galicia – Ciber.gal do que forma parte, vai adherirse a unha iniciativa para o despregamento de protección EDR coa finalidade de ofrecérllela a todos os concellos da provincia de Ourense. Para isto enviamos esta consulta para ter unha visión das necesidades de cada un dos concellos de cara a dimensionar o licenzamento do que a Deputación de Ourense se vai comprometer. As tarefas de despregamento, implantación, operación, explotación, soporte e formación van ser asumidas polo propio fabricante da solución EDR (CITOMIC) e Telefónica, baixo a supervisión da Deputación de Ourense e a Amtega, sen custe ningún para o seu concello. A duración establecida do contrato para estes servizos é de 5 anos, durante os cales serán totalmente gratuítos para os concellos da provincia de Ourense, sempre que manifeste o compromiso de manter durante os 5 anos a solución EDR nos equipos para os que solicite a súa licenza. En canto ás preguntas, a primeira de se xa formalizou a Deputación de Ourense a adhesión a ese servizo, a resposta é que non, aínda non se ter formalizada a adhesión, que se producirá mediante a sinatura dun documento co compromiso que asume a entidade. Estamos á espera de que se envíe a proposta do documento por parte da Amtega. E para canto está prevista a implantación nos concellos que se interesaron por este servizo, di que tal e como informa Amtega, a data estimada de inicio do proxecto será o mes de xuño. Farase unha incorporación paulatina, de modo que é posible que a incorporación dalgún concello sexa posterior. E en canto ao número de concellos que solicitaron este servizo, as solicitudes

recibidas foron 31, pero aínda poderían sumarse máis, mentres non se alcance o número de licenzas adquiridas pola Xunta.

Elvira Lama (Grupo Socialista). As empresas Aqualia e Gadessa, coa colaboración da Deputación de Ourense, deseñaron un proxecto para a construción dunha planta que permitirá tratar e transformar residuos orgánicos procedentes da actividade gandeira e agrícola na Comarca da Limia. A dita instalación, que superará os 29 millóns de euros de investimento, terá capacidade para xestionar anualmente medio millón de toneladas de xurros, e o obxectivo pasa porque, unha vez pechado o financiamento, estea en funcionamento en catro anos. Este anuncio feito o día 18 de marzo échenos de satisfacción, aínda que sexa con anos ou décadas de atraso. Ao fio disto teño varias preguntas: ¿Cal vai ser a achega da Deputación Provincial de Ourense a este proxecto? ¿Onde vai estar localizada esta planta de tratamento? Como alcaldesa de Xinzo e como concello co maior número de granxas da Limia, solicitamos estar puntualmente informados dos avances da súa tramitación, así como unha copia do proxecto e do protocolo asinado coas entidades mencionadas Aqualia e Gadessa.

O Sr. presidente en canto á pregunta de cal vai ser a achega da Deputación Provincial de Ourense a este proxecto, di que no protocolo asinado en data 15 de marzo con Aqualia-Gadessa, a Deputación de Ourense comprométese a: facilitar os contactos con outras administracións e figuras privadas esenciais para a implantación do proxecto na provincia de Ourense. Facilitar a coordinación entra as diferentes administracións. Proporcionar asistencia e asesoramento técnico en xestións e trámites con diferentes administracións no marco das competencias da Deputación de Ourense. Facilitar a transmisión de información relevante entre os axentes implicados. Proporcionar asistencia técnica na captación de fondos europeos para o desenvolvemento do proxecto no marco das competencias da Deputación de Ourense. Garantir os accesos ás instalacións proxectadas dende as estradas de titularidade provincial. En canto á pregunta de onde vai estar localizada esta planta de tratamento, di que no protocolo asinado o 15 de marzo deste ano, a empresa Aqualia-Gadessa indica: levouse a cabo un estudo preliminar na comarca da Limia co obxectivo de resolver o problema medioambiental que xera a aplicación directa do purín ao terreo coa conseguinte contaminación de acuíferos por nitratos. Esta empresa, así mesmo, considera como localización potencial da planta o municipio de Xinzo de Limia, por ser capital da comarca e dispor dunha rede de gas natural próxima na que inxectar o biometano producido. Ademais, a

comarca é un dos territorios con maior produción agrícola de Galicia, tanto en produtos hortícolas, como de pataca, cereal e millo, polo que hai un requirimento de produtos fertilizantes para agricultura, así como auga para regadío. En relación co rogo, como non pode ser doutro xeito, tomamos nota para mantela informada de todos os avances na súa tramitación e remitirémolle copia do proxecto e do convenio asinado coas entidades mencionadas.

Aurentino Alonso (Grupo Socialista). Hai dous meses presentaron o Plan de cooperación Emergou, para axudar aos concellos a paliar os danos provocados polas inundacións do inverno que acabamos de pasar ¿en que estado se atopa o programa? ¿cando van poder acceder os concellos ás axudas do Plan Emergou? E para finalizar di que antes quedaron preguntas sen contestar pero a máis importante é se van a aprobar o proxecto construtivo.

O Sr. presidente responde que por suposto que se vai aprobar, e se deixou algunha pregunta sen contestar é porque as previas falaban dunha situación diferente, porque se dixo que non estaba aprobado é normal que non respondese a esas preguntas. En canto ao Plan Emergou estanse a ultimar as cuestións referentes a este e contamos facelo público nas vindeiras semanas.

Susana Rodríguez (Grupo Socialista). Roga que se limpen os entullos ocasionados polos desprendementos caídos na estrada OU-502 no pobo dos Peares, que levan desde as choivas de principios deste ano 2023 sen retirar das beiras da estrada, que xa ocasionaron algún incidente en vehículos.

O Sr. presidente toma nota do rogo.

O contido íntegro das intervencións deste punto recóllese no punto 21º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 21º](#)

### **PEGADA DIXITAL VÍDEO**

Url -  
<https://depourense.seneca.tv:443/s/5qYf1A2BVQoMtf4tnyFty10jsXPxDrAfcfVIU2ulSXgz0l2n.wmv>  
SHA512 -  
6e7c91f2b050ab34e7a73f748ce003cf975c76334cb12701cbbaa11a781ab9eb638b063

69663cb285ff3188d6b73bfeb113bfa383bb88ca2f934a77238463da8

E, ás 14.10 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose esta acta, que se asinará electronicamente. Dou fe.